



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 596

IX lexislatura

5 de febreiro de 2016

Fascículo 1

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

– Informe da Ponencia sobre Proposición de Lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia [137751](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Rexeitamento das iniciativas

- 40107 (09/PNC-003363)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa diferenza existente no crecemento do produto interior bruto de Galicia e o do resto do Estado no segundo trimestre de 2015 [137754](#)

- 44999 (09/PNC-003735)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución que presenta o endebedamento público en Galicia entre os anos 2009 e 2014

[137754](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 45824 (09/PRE-013140)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre a problemática referida á tramitación, financiamento e execución do proxecto Cernes desenvolvido a través do programa operativo de cooperación transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 e consistente na plantación de oliveiras

[137760](#)

- 45831 (09/PRE-013141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 2 máis

Sobre os criterios de xestión dunha parcela mentres se atopa baixo a responsabilidade e titularidade do Banco de Terras de Galicia e os datos referidos ao procedemento que se está a seguir para a venda de madeira

[137765](#)

- 45834 (09/PRE-013142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 3 máis

Sobre os criterios de xestión dunha parcela mentres se atopa baixo a responsabilidade e titularidade do Banco de Terras de Galicia e os datos referidos á corta e venda da madeira de dúas parcelas incorporadas do concello do Pino

[137768](#)

- 45839 (09/PRE-013143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 2 máis

Sobre os motivos e a valoración do Goberno galego en relación coa limitación establecida para o acceso dos serradoiros de madeira ás axudas e investimentos convocados para o ano 2016 e destinados a tecnoloxías, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais, así como a formulación dalgunha alternativa para os excluídos polo seu tamaño

[137771](#)

- 45845 (09/PRE-013144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implantación do denominado Bacharelato Internacional nas provincias de Lugo e Ourense, así como o aproveitamento das aulas Mentor para facilitar a formación do profesorado

[137773](#)

- 45853 (09/PRE-013145)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa posibilidade de acceso de todas as persoas doentes no tempo axeitado aos fármacos oncolóxicos prescritos, así como os datos referidos a Galicia e reflectidos no estudo presentado no XV Congreso da Sociedade Española de Oncoloxía Médica respecto do acceso a eles nas diferentes comunidades autónomas

[137775](#)

- 45860 (09/PRE-013146)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da información que posúe a cidadanía en relación coa situación das listas de espera, o prazo previsto para o uso da infraestrutura electrónica do Sergas para ese fin e as razóns de non publicar desde o ano 2010 as memorias da actividade sanitaria dos complexos hospitalarios, así como os datos referidos á dispoñibilidade de páxina web nos centros sanitarios

[137777](#)

- 45895 (09/PRE-013147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver as dificultades e os problemas detectados en relación coa presentación de solicitudes para a concesión das axudas convocadas para o ano 2016 para a reforestación, creación de superficies forestais e fomento da silvicultura

[137779](#)

- 45922 (09/PRE-013148)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coas recomendacións reflectidas no novo informe do Comité de Expertos da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias en relación coa lingua galega

[137782](#)

- 45929 (09/PRE-013149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre a opinión e as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa pretensión das autoridades francesas de obrigar os tripulantes dos barcos galegos abandeirados en Francia a darse de alta a cotizar no *Établissement National des Invalides de la Marine*

[137785](#)

- 45942 (09/PRE-013150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 3 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coas recomendacións reflectidas no último informe do Comité de Expertos da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias en relación coa lingua galega

[137787](#)

- 45947 (09/PRE-013151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos e 2 máis

Sobre as medidas sancionadoras adoptadas polo Instituto Galego de Consumo en relación coas entidades financeiras que persisten no uso das denominadas cláusulas chan dos contratos bancarios con particulares, o número de sancións impostas e os medios postos á disposición das persoas afectadas

[137789](#)

- 45952 (09/PRE-013152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do financiamento autonómico que está a recibir Galicia para a cobertura dos servizos públicos e a necesidade de elaborar un novo sistema de repartición, así como as previsións de demanda ao Goberno central do inicio dos traballos para ese fin

[137792](#)

- 45962 (09/PRE-013153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar a sinistralidade rexistrada na estrada PO-300, ao seu paso pola parroquia de Oubiña, no concello de Cambados, en especial no punto negro situado entre o lugar da Cereixeira e o polígono industrial Sete Pía

[137794](#)

- 45984 (09/PRE-013154)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos resultados para Galicia do sistema de contas públicas territorializadas publicado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en xullo de 2015 e o método empregado para a realización deses cálculos, así como a súa opinión e as actuacións previstas respecto da elaboración e publicación das balanzas fiscais mediante a metodoloxía do fluxo monetario

[137796](#)

- 45991 (09/PRE-013155)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre as actuacións concretas que vai levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no ano 2016 para corrixir a fenda dixital existente entre os centros educativos do medio rural e os centros educativos das cidades, a situación en que se atopa a problemática xerada co Programa XADE na primeira avaliación e as previsións respecto da elaboración dun novo regulamento orgánico de centros

[137799](#)

- 45999 (09/PRE-013156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as xestións previstas polo Goberno galego para a reposición nos seus postos de traballo ás persoas afectadas polo expediente de regulación de emprego nas empresas do grupo Tragsa en Galicia, a realización dalgún estudo da súa posible incidencia na execución dos contratos de obras e servizos asinados con ese grupo e as actuacións que vai levar a cabo diante do Goberno central e da empresa ao respecto

[137802](#)

- 46009 (09/PRE-013157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración e presentación dun plan integral de axudas ao pequeno e mediano comercio e, en particular, para a mellora da súa competitividade, así como as que vai implantar para o fomento do emprego no sector

[137806](#)

- 46014 (09/PRE-013158)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a interlocución do Goberno galego co sector do mar e a solución que propón para resolver os problemas que padece

[137808](#)

- 46035 (09/PRE-013159)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre as xestións realizadas e as actuacións previstas polo Goberno galego diante dos concellos de Guitiriz e da Fonsagrada en relación co mantemento do mesmo cadro de persoal e a reposición nos seus postos de traballo aos traballadores despedidos do Grupo de Emerxencias Supramunicipais [137811](#)

- 46040 (09/PRE-013160)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego diante da Subdelegación do Goberno para a paralización e arquivo das citacións e expedientes sancionadores abertos con motivo das mobilizacións cidadáns levadas a cabo en demanda dun reparto xusto das cotas da xarda [137815](#)

- 46018 (09/PRE-013161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre a non retirada dun avespeiro da especie Velutina na parroquia de Sistallo, no concello de Cospeito, por problemas de altura, a posible existencia de máis casos noutros concellos e a avaliación pola Xunta de Galicia da idoneidade do protocolo que se está a seguir, así como as medidas previstas para mellorar a súa eficiencia [137818](#)

- 46020 (09/PRE-013162)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Val Alonso, José Ramón e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da publicación dunha orde de axudas con fondos propios para paliar as perdas ocasionadas no marisqueo a pé na ría de Arousa polo pechamento administrativo dos bancos marisqueiros dos Lombos, O Boío e Cabío decretado ao inicio do ano, así como as medidas que está a implementar para recuperar a produción neles e combater os efectos do parasito *Marteilia* [137821](#)

- 46145 (09/PRE-013163)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen
Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes de axuda de emerxencia social presentadas en cada una das provincias galegas nos anos 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015 [137823](#)

- 46146 (09/PRE-013164)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen

Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes para a concesión da renda de integración social de Galicia presentadas en cada una das provincias galegas nos anos 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015 [137824](#)

- 46152 (09/PRE-013165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario referido á declaración oficial do ano 2016 como Ano das Irmandades da Fala [137825](#)

- 46173 (09/PRE-013166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis
Sobre a dispoñibilidade pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de protocolos específicos para controlar os riscos laborais aos que están expostos os profesionais docentes e, en concreto, para aqueles que desenvolven o seu cometido en institucións penais ou centros de menores, os datos ao respecto ou, se é o caso, a posibilidade do seu establecemento [137827](#)

- 46185 (09/PRE-013167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción
Sobre os datos referidos á execución e ao investimento realizado nos anos 2014 e 2015 no proxecto de rehabilitación do barrio da Tinería, na cidade de Lugo, así como as previsións ao respecto [137829](#)

- 46186 (09/PRE-013168)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción, e Gallego Calvar, María Carmen
Sobre as cantidades achegadas pola Consellería de Traballo e Benestar, a través de convenios, subvencións, acordos ou calquera outro medio, aos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres nos anos 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015 [137831](#)

- 46239 (09/PRE-013169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento das previsións iniciais de desenvolvemento do concurso eólico, as medidas elaboradas para axilizar a posta en marcha dos parques adxudicados e os proxectos industriais asociados, así como as súas previsións para o ano 2016 en relación coas autorizacións e potencia que se vai instalar e as medidas que vai adoptar para frear a perda de posicións do sector dentro do Estado [137832](#)

- 46245 (09/PRE-013170)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que vai ter para o sector e o desenvolvemento industrial galego a extratexia de Abanca de desprendemento da súa carteira industrial, así como a súa valoración respecto da venda da participación da entidade na operadora R Cable e a necesidade da existencia de entidades financeiras propias que posúan na súa carteira industrial participacións en empresas extratécnicas para Galicia

[137835](#)

- 46251 (09/PRE-013171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a posición e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa decisión de ampliar por sesenta anos máis a prórroga da concesión de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

[137838](#)

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 40653 (09/PRE-011720)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego en relación co incendio iniciado o 30 de agosto de 2015 no concello de Cualedro

[137841](#)

- 41759 (09/PRE-011726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis

Sobre o resultado da investigación das causas do incendio iniciado o día 30 de agosto de 2015 no concello de Cualedro e que afectou varios concellos limítrofes, así como a valoración da Xunta de Galicia respecto da coordinación e a toma de decisións durante o lume

[137842](#)

- 43100 (09/PRE-012967)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as iniciativas impulsadas a través do grupo de traballo institucional da eurocidade Chaves-Verín nos últimos catro anos que se materializaron

[137843](#)

- 43101 (09/PRE-011841)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre os apoios económicos ou subvencións outorgadas pola Xunta de Galicia na novena lexislatura á eurocidade Chaves-Verín, o seu importe e as iniciativas impulsadas a través do grupo de traballo institucional nos últimos catro anos que se materializaron

[137843](#)

- 43694 (09/PRE-013012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego ante o Goberno central para garantir a anulación de xeito sistemático do cobramento do *roaming* á cidadanía empadroadada nas poboacións galegas transfronteirizas situadas na zona estimada de invasión das redes de telefonía móbil

[137844](#)

- 43695 (09/PRE-011843)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a resposta recibida polo Goberno galego do Goberno central en relación co acordo parlamentario referente á anulación de xeito sistemático do cobramento do *roaming* á cidadanía empadroadada nas poboacións galegas transfronteirizas situadas na zona estimada de invasión das redes de telefonía móbil, así como as xestións realizadas para ese fin

[137844](#)

1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en Comisión

Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo

- 7544 (09/PRE-001122)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis

Sobre a incidencia no servizo prestado ás persoas con discapacidade da eliminación pola Consellería de Traballo e Benestar de prazas de persoal laboral e de oficinas de valoración da dependencia, os datos referidos á tramitación nos anos 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013 das solicitudes de recoñecemento dunha prestación e as previsións ao respecto

[137845](#)

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.5. Membros do Consello de Contas

Acordo da Mesa do Parlamento, do 2 de febreiro de 2016, polo que se inicia o procedemento e se fixa o prazo para presentación de can-

didaturas para a cobertura de dous cargos de conselleiro ou conselleira do Consello de Contas de Galicia

[137758](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros no Acordo da Mesa do Parlamento, do 19 de xaneiro de 2016, relativo á asignación a comisión da pregunta oral doc. núm. 45331 (09/POC-006656) publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 586, do día 21 de xaneiro de 2016.

[137759](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Informe da Ponencia sobre Proposición de Lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia sobre a Proposición de Lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Informe da Ponencia sobre Proposición de Lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia

A Ponencia designada pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, para emitir informe sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia, nas reunións e cos acordos que a continuación se indican, á vista do texto da proposición e da emenda presentada ao seu articulado, elaborou, para o seu debate perante o dito órgano, este

INFORME

1. Antecedentes

1.1. Esta proposición de lei, presentada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 15 de decembro de 2014, co número de rexistro 31372.

1.2. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 16 de decembro de 2014, logo da súa admisión a trámite, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG núm. 392, do 17 de decembro de 2014).

1.3. O Pleno do Parlamento, na sesión do día 29 de setembro de 2015, tomou en consideración a devandita proposición.

1.4. Así mesmo, a Mesa do Parlamento, na reunión do día 6 de outubro de 2015, acordou a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o día 26 de outubro de 2015, e, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, a súa tramitación pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

1.5. A emenda ao articulado presentada –cualificada pola Mesa da Comisión na sesión do 30 de novembro de 2015 e publicada no BOPG núm. 563, do 1 de decembro de 2015– é da autoría do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 43835).

2. Constitución, composición e reunións da Ponencia

2.1. Constitución e composición da Ponencia

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do día 3 de decembro de 2015, designou os seguintes ponentes:

- Do G.P. Popular de Galicia: don Alejandro Gómez Alonso (titular) e don Jesús Goldar Güimil (suplente).

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia: don Raúl Fernández Fernández (titular) e dona Patricia Vilán Lorenzo (suplente).

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: dona Ana Belén Pontón Mondelo (titular) e don Francisco Xesús Jorquera Caselas (suplente).

- Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: don Antón Sánchez García e don Juan Manuel Fajardo Recouso.

- Do G.P. Mixto: dona Consuelo Martínez García (titular) e dona Carmen Iglesias Sueiro (suplente)

2.2. Reunións da Ponencia

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 25 de xaneiro de 2016, e foi presidida polo Sr. Freire Abeijón, presidente desta Comisión, coa asistencia dos ponentes e das ponentes titulares: Sr. Gómez Alonso, Sr. Fernández Fernández, Sra. Pontón Mondelo, Sr. Sánchez García e Sra. Martínez García. Nesta reunión fixaron o calendario de traballo.

Na seguinte reunión, que tivo lugar o día 1 de febreiro de 2016, coa asistencia dos ponentes e das ponentes titulares, emitíuse o informe coas recomendacións definitivas desta Ponencia.

3. *Elaboración do informe*

A Ponencia formulalle á Comisión, por maioría, a recomendación de aceptar a emenda número 1 do G.P. Popular de Galicia (na exposición de motivos), co posicionamento favorable do ponente do G.P. Popular de Galicia e en contra do ponente do G.P. dos Socialistas de Galicia, da ponente do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, do ponente do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda e da ponente do G.P. Mixto. Mantense no demais o texto da precitada proposición de lei.

4. *Texto articulado da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia*

Exposición de motivos

A AP-9 é unha autoestrada de titularidade estatal que abrangue unha parte moi importante do territorio galego; é unha vía vertebral que conecta toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Porén, a AP-9 continúa a depender do Goberno central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos. (...)

Coa finalidade de superar esta situación e de xestionar desde Galicia unha das autoestradas máis importantes desde o punto de vista social e económico, cómpre actuar para acadar a titularidade e transferencia de competencias sobre o réxime xurídico desta autoestrada, así como sobre o traspaso

efectivo das funcións e servizos sobre a dita infraestrutura. Así, o Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 as materias que son competencia exclusiva do Goberno galego e fixa no punto 8 a competencia sobre «Vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cables». Por outra banda, a Constitución, no artigo 148.1.5ª, fixa a posibilidade de traspaso en materia de estradas no «percorrido comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes medios ou por cable». Finalmente, o artigo 150.2 da CE habilita o Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que, pola súa propia natureza, sexan susceptibles de transferencia ou delegación. O propio Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 27.32, relativo ás competencias exclusivas, establece que pode ampliarse o abano competencial a través da transferencia por lei orgánica do Estado.

O proxecto de lei consta de dous artigos, catro disposicións adicionais e unha disposición derradeira. No artigo primeiro establécese a transferencia da AP-9 á Xunta de Galicia e detállanse as funcións e servizos que pasan a ser de titularidade autonómica. No artigo segundo fíxanse as condicións do traspaso de servizos, que deben contar cos medios materiais e orzamentarios necesarios, instrumentándoo mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos. Nas disposicións adicionais primeira e segunda fíxase un prazo de seis meses para a negociación do traspaso efectivo da AP-9 e a conseguinte baixa da AP-9 como integrante da rede do Estado. Na disposición adicional terceira determínase que, no caso de rescate da concesión para o ámbito público, as obrigas económicas e financeiras serán por conta da Administración Xeral do Estado. Finalmente, na disposición adicional cuarta aclárase que este traspaso non modifica as funcións e servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Artigo 1. *Transferencia da AP-9*

1. Transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade, as competencias sobre o réxime xurídico da conce-

sión, así como as funcións e servizos ata agora exercidos pola Administración do Estado en relación coa AP-9, Autoestrada do Atlántico.

2. En virtude do disposto na presente lei, unha vez realizado o traspaso de servizos correspondentes, a Comunidade Autónoma de Galicia terá encomendadas as seguintes funcións:

a) A autorización da posta en servizo de novos tramos, adaptacións ou reformas dos existentes, así como de enlaces e vías auxiliares da autoestrada.

b) A supervisión e inspección do correcto funcionamento da autoestrada, consonte a normativa xeral de estradas e os pregos que rexen a concesión.

c) A potestade sancionadora respecto de incumprimentos da concesionaria na explotación da autoestrada.

d) As modificacións que afecten o réxime económico-financeiro da concesión, en particular no que atinxe ao establecemento, actualización, supresión de tarifas e peaxes, así como á aplicación de programas de desconto, tanto a autorización daqueles que sexan voluntarios por instancia da concesionaria co fin de incentivar o seu uso, como a aprobación normativa dos obrigatorios por instancia do órgano competente en materia de estradas da Comunidade Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos ou humanitarios.

e) A redacción e aprobación de convenios, ou de adendas aos actuais, para recoller novas condicións relativas ao réxime da concesión, así como ás ampliacións ou reducións da actual.

3. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a Administración do Estado conservará ao seu cargo, respecto da sociedade concesionaria da Autoestrada AP-9, as obrigas con repercusións económicas e financeiras derivadas da aplicación da concesión en vigor que foran motivadas por modificacións adoptadas no período que tivo a competencia.

Artigo 2. *Traspaso de servizos*

O exercicio da competencia transferida debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galicia no momento en que

teña efectividade a transferencia dos medios materiais e orzamentarios necesarios, instrumentándoa mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Disposición adicional primeira

O traspaso efectivo regulado no artigo 2 deberá concretarse no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei.

Disposición adicional segunda

Unha vez efectuado o traspaso efectivo, o Goberno do Estado, mediante real decreto, procederá á exclusión e a dar de baixa a Autoestrada AP-9 da rede de estradas do Estado.

Disposición adicional terceira

A Administración Xeral do Estado asumirá as obrigas económicas e financeiras no caso de que, no exercicio das competencias delegadas na presente lei, a Comunidade Autónoma acordase o rescate da concesión da autoestrada AP-9 para a súa reversión ao ámbito público.

Disposición adicional cuarta

O traspaso ao que se refire a presente lei orgánica non supón modificación ningunha do exercicio das funcións e servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Disposición derradeira única

A presente lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado* (BOE).

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2016

Alejandro Gómez Alonso
Raúl Fernández Fernández
Ana Belén Pontón Mondelo
Antón Sánchez García
Consuelo Martínez García

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 4 de febreiro de 2016, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Rexeitamento das iniciativas

- 40107 (09/PNC-003363)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa diferenza existente no crecemento do produto interior bruto de Galicia e o do resto do Estado no segundo trimestre de 2015

BOPG nº 516, do 10.09.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

- 44999 (09/PNC-003735)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución que presenta o endebedamento público en Galicia entre os anos 2009 e 2014

BOPG nº 578, do 29.12.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 2 votos a favor, 8 votos en contra e 2 abstencións.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2016

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 2 de febreiro de 2016, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 45824 (09/PRE-013140)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre a problemática referida á tramitación, financiamento e execución do proxecto Cernes desenvolvido a través do programa operativo de cooperación transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 e consistente na plantación de oliveiras

- 45831 (09/PRE-013141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 2 máis
Sobre os criterios de xestión dunha parcela mentres se atopa baixo a responsabilidade e titularidade do Banco de Terras de Galicia e os datos referidos ao procedemento que se está a seguir para a venda de madeira

- 45834 (09/PRE-013142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 3 máis
Sobre os criterios de xestión dunha parcela mentres se atopa baixo a responsabilidade e titularidade do Banco de Terras de Galicia e os datos referidos á corta e venda da madeira de dúas parcelas incorporadas do concello do Pino

- 45839 (09/PRE-013143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 2 máis
Sobre os motivos e a valoración do Goberno galego en relación coa limitación establecida para o acceso dos serradoiros de madeira ás axudas e investimentos convocados para o ano 2016 e destinados a tecnoloxías, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais, así como a formulación dalgunha alternativa para os excluídos polo seu tamaño

- 45845 (09/PRE-013144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implantación do denominado Bacharelato Internacional nas provincias de Lugo e Ourense, así como o aproveitamento das aulas Mentor para facilitar a formación do profesorado

- 45853 (09/PRE-013145)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa posibilidade de acceso de todas as persoas doentes no tempo axeitado aos fármacos oncolóxicos prescritos, así como os datos referidos a Galicia e reflectidos no estudo presentado no XV Congreso da Sociedade Española de Oncoloxía Médica respecto do acceso a eles nas diferentes comunidades autónomas

- 45860 (09/PRE-013146)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da información que posúe a cidadanía en relación coa situación das listas de espera, o prazo previsto para o uso da infraestrutura electrónica do Sergas para ese fin e as razóns de non publicar desde o ano 2010 as memorias da actividade sanitaria dos complexos hospitalarios, así como os datos referidos á dispoñibilidade de páxina web nos centros sanitarios

- 45895 (09/PRE-013147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver as dificultades e os problemas detectados en relación coa presentación de solicitudes para a concesión das axudas convocadas para o ano 2016 para a reforestación, creación de superficies forestais e fomento da silvicultura

- 45922 (09/PRE-013148)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coas recomendacións reflectidas no novo informe do Comité de Expertos da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias en relación coa lingua galega

- 45929 (09/PRE-013149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre a opinión e as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa pretensión das autoridades francesas de obrigar os tripulantes dos barcos galegos abandonados en Francia a darse de alta a cotizar no *Établissement National des Invalides de la Marine*

- 45942 (09/PRE-013150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 3 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coas recomendacións reflectidas no último informe do Comité de Expertos da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias en relación coa lingua galega

- 45947 (09/PRE-013151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos e 2 máis

Sobre as medidas sancionadoras adoptadas polo Instituto Galego de Consumo en relación coas entidades financeiras que persisten no uso das denominadas cláusulas chan dos contratos bancarios con particulares, o número de sancións impostas e os medios postos á disposición das persoas afectadas

- 45952 (09/PRE-013152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do financiamento autonómico que está a recibir Galicia para a cobertura dos servizos públicos e a necesidade de elaborar un novo sistema de repartición, así como as previsións de demanda ao Goberno central do inicio dos traballos para ese fin

- 45962 (09/PRE-013153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar a sinistralidade rexistrada na estrada PO-300, ao seu paso pola parroquia de Oubiña, no concello de Cambados, en especial no punto negro situado entre o lugar da Cereixeira e o polígono industrial Sete Pías

- 45984 (09/PRE-013154)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos resultados para Galicia do sistema de contas públicas territorializadas publicado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en xullo de 2015 e o método empregado para a realización deses cálculos, así como a súa opinión e as actuacións previstas respecto da elaboración e publicación das balanzas fiscais mediante a metodoloxía do fluxo monetario

- 45991 (09/PRE-013155)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre as actuacións concretas que vai levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no ano 2016 para corrixir a fenda dixital existente entre os centros educativos do medio rural e os centros educativos das cidades, a situación en que se atopa a problemática xerada co Programa XADE na primeira avaliación e as previsións respecto da elaboración dun novo regulamento orgánico de centros

- 45999 (09/PRE-013156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre as xestións previstas polo Goberno galego para a reposición nos seus postos de traballo ás persoas afectadas polo expediente de regulación de emprego nas empresas do grupo Tragsa en Galicia, a realización dalgún estudo da súa posible incidencia na execución dos contratos de obras e servizos asinados con ese grupo e as actuacións que vai levar a cabo diante do Goberno central e da empresa ao respecto

- 46009 (09/PRE-013157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración e presentación dun plan integral de axudas ao pequeno e mediano comercio e, en particular, para a mellora da súa competitividade, así como as que vai implantar para o fomento do emprego no sector

- 46014 (09/PRE-013158)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a interlocución do Goberno galego co sector do mar e a solución que propón para resolver os problemas que padece

- 46035 (09/PRE-013159)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as xestións realizadas e as actuacións previstas polo Goberno galego diante dos concellos de Guitiriz e da Fonsagrada en relación co mantemento do mesmo cadro de persoal e a reposición nos seus postos de traballo aos traballadores despedidos do Grupo de Emerxencias Supramunicipais

- 46040 (09/PRE-013160)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego diante da Subdelegación do Goberno para a paralización e arquivo das citacións e expedientes sancionadores abertos con motivo das mobilizacións cidadáns levadas a cabo en demanda dun reparto xusto das cotas da xarda

- 46018 (09/PRE-013161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre a non retirada dun avespeiro da especie Velutina na parroquia de Sistallo, no concello de Cospeito, por problemas de altura, a posible existencia de máis casos noutros concellos e a avaliación pola Xunta de Galicia da idoneidade do protocolo que se está a seguir, así como as medidas previstas para mellorar a súa eficiencia

- 46020 (09/PRE-013162)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da publicación dunha orde de axudas con fondos propios para paliar as perdas ocasionadas no marisqueo a pé na ría de Arousa polo pechamento administrativo dos bancos marisqueiros dos Lombos, O Boío e Cabío decretado ao inicio do ano, así como as medidas que está a implementar para recuperar a produción neles e combater os efectos do parasito *Marteilia*

- 46145 (09/PRE-013163)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes de axuda de emerxencia social presentadas en cada una das provincias galegas nos anos 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015

- 46146 (09/PRE-013164)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes para a concesión da renda de integración social de Galicia presentadas en cada una das provincias galegas nos anos 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015

- 46152 (09/PRE-013165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario referido á declaración oficial do ano 2016 como Ano das Irmandades da Fala

- 46173 (09/PRE-013166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre a dispoñibilidade pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de protocolos específicos para controlar os riscos laborais aos que están expostos os profesionais docentes e, en concreto, para aqueles que desenvolven o seu cometido en institucións penais ou centros de menores, os datos ao respecto ou, se é o caso, a posibilidade do seu establecemento

- 46185 (09/PRE-013167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción

Sobre os datos referidos á execución e ao investimento realizado nos anos 2014 e 2015 no proxecto de rehabilitación do barrio da Tinería, na cidade de Lugo, así como as previsións ao respecto

- 46186 (09/PRE-013168)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción, e Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as cantidades achegadas pola Consellería de Traballo e Benestar, a través de convenios, subvencións, acordos ou calquera outro medio, aos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres nos anos 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015

- 46239 (09/PRE-013169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento das previsións iniciais de desenvolvemento do concurso eólico, as medidas elaboradas para axilizar a posta en marcha dos parques adxudicados e os proxectos industriais asociados, así como as súas previsións para o ano 2016 en relación coas autorizacións e potencia que se vai instalar e as medidas que vai adoptar para frear a perda de posicións do sector dentro do Estado

- 46245 (09/PRE-013170)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que vai ter para o sector e o desenvolvemento industrial galego a extratexia de Abanca de desprendemento da súa carteira industrial, así como a súa valoración respecto da venda da participación da entidade na operadora R Cable e a necesidade da existencia de entidades financeiras propias que posúan na súa carteira industrial participacións en empresas extratécnicas para Galicia

- 46251 (09/PRE-013171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a posición e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa decisión de ampliar por sesenta anos máis a prórroga da concesión de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 40653 (09/PRE-011720)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego en relación co incendio iniciado o 30 de agosto de 2015 no concello de Cualedro

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 45973.

- 41759 (09/PRE-011726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis

Sobre o resultado da investigación das causas do incendio iniciado o día 30 de agosto de 2015 no concello de Cualedro e que afectou varios concellos limítrofes, así como a valoración da Xunta de Galicia respecto da coordinación e a toma de decisións durante o lume

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 45972.

- 43100 (09/PRE-012967)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as iniciativas impulsadas a través do grupo de traballo institucional da eurocidade Chaves-Verín nos últimos catro anos que se materializaron

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 45978.

- 43101 (09/PRE-011841)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre os apoios económicos ou subvencións outorgadas pola Xunta de Galicia na novena lexislatura á eurocidade Chaves-Verín, o seu importe e as iniciativas impulsadas a través do grupo de traballo institucional nos últimos catro anos que se materializaron

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 45978.

- 43694 (09/PRE-013012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego ante o Goberno central para garantir a anulación de xeito sistemático do cobramento do *roaming* á cidadanía empadroadada nas poboacións galegas transfronteirizas situadas na zona estimada de invasión das redes de telefonía móbil

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 45979.

- 43695 (09/PRE-011843)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a resposta recibida polo Goberno galego do Goberno central en relación co acordo parlamentario referente á anulación de xeito sistemático do cobramento do *roaming* á cidadanía empadroadada nas poboacións galegas transfronteirizas situadas na zona estimada de invasión das redes de telefonía móbil, así como as xestións realizadas para ese fin

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 45979.

1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en Comisión

Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo

- 7544 (09/PRE-001122)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis

Sobre a incidencia no servizo prestado ás persoas con discapacidade da eliminación pola Consellería de Traballo e Benestar de prazas de persoal laboral e de oficinas de valoración da dependencia, os datos referidos á tramitación nos anos 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013 das solicitudes de recoñecemento dunha prestación e as previsións ao respecto BOPG nº 102, do 15.05.2013

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 46024, en pregunta con resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2016

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1ª

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.5. Membros do Consello de Contas

Acordo da Mesa do Parlamento, do 2 de febreiro de 2016, polo que se inicia o procedemento e se fixa o prazo para presentación de candidaturas para a cobertura de dous cargos de conselleiro ou conselleira do Consello de Contas de Galicia

O 8 de setembro de 2015 a Mesa da Cámara tomou coñecemento do escrito do conselleiro maior do Consello de Contas no que comunicaba o esgotamento do mandato dos conselleiros, D. Ramón José Núñez Gamallo e D. Dositeo Rodríguez Rodríguez (doc. núm. 40490).

Visto o disposto na Lei do Consello de Contas de Galicia, modificado polo artigo primeiro da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción.

A Mesa, na reunión do 2 de febreiro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

1º. Iniciar o procedemento de elección de dúas conselleiras ou conselleiros do Consello de Contas de Galicia.

2º. Abrir un prazo, que remata ás 18.30 horas do 8 de febreiro de 2016, para que os grupos parlamentarios poidan presentar persoas candidatas, que deberán reunir os requisitos previstos no artigo 12 da Lei do Consello de Contas de Galicia e non atoparse en ningunha das causas de inelixibilidade enumeradas no citado artigo 12 nin de incompatibilidade previstas no artigo 13 da mesma lei, modificada polo citada Lei 8/2015.

3º. Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros no Acordo da Mesa do Parlamento, do 19 de xaneiro de 2016, relativo á asignación a comisión da pregunta oral doc. núm. 45331 (09/POC-006656) publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 586, do día 21 de xaneiro de 2016.

Advertido un erro material no acordo da Mesa do Parlamento do 19 de xaneiro de 2016, relativo á asignación a comisión da pregunta oral doc. núm. 45331 (09/POC-006656), publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 586, do día 21 de xaneiro de 2016, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Procedementos de información

Preguntas orais en Comisión

Onde di:

«- 45331 (09/POC-006656)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dos plans de saúde mental e sobre o suicidio

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo»

Debe dicir:

«- 45331 (09/POC-006656)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dos plans de saúde mental e sobre o suicidio

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego»

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2016

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e Tereixa Paz Franco deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a saber os motivos polo que se lle solicitou aos participantes no proxecto Cernes (plantación de oliveiras) o pago do 30% a maiores do investimento.

O proxecto Cernes englobase dentro das liñas de investimentos desenvolvido polo programa operativo de cooperación 2007-2013 e ten como finalidade a promoción de alternativas á agricultura tradicional no ámbito do territorio transfronteirizo Galiza-Norte de Portugal.

Con esta finalidade a Asociación para o desenvolvemento integral do Val do Ulla e zona de Pardemarín (ADIVUPAR) participou neste proxecto a través da súa 2ª convocatoria do POCTEP dentro dunha iniciativa que consistía en desenvolver unha plantación de oliveiras para o cal os seus membros unicamente tiveron que por a disposición do proxecto os terreos necesarios e comprometerse a colaborar coa administración na execución do proxecto, así como o mantemento do mesmo.

Este proxecto Cernes estivo financiado ao 100% do seu investimento, ascendendo o mesmo a un total de 1.220.000 euros, dos cales 915.000 euros (o 75%) estaban cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (FEDER) e o resto (25%) correspondeulle a Xunta de Galiza a través da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes.

O proxecto levouse a cabo a través de TRACSA e iniciou a súa execución en xaneiro de 2011 tendo un prazo para materializalo de 24 meses. A execución do proxecto presentou algunhas denuncias por parte dos participantes relativas a quen non



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se levaron a cabo os traballos segundo o que estaba falado: peche das fincas, rego, etc. Por outro lado despois de realizada a plantación encontráronse con que unha parte da mesma morría, sen que os que desenvolveron o proxecto (neste caso Tracsa) asumiran a súa responsabilidade e procederan á súa reposición. Levaron a analizar as plantas pola súa conta podendo comprobar que as mesmas estaban enfermas e non reunían as condicións fitosanitarias óptimas para o seu cultivo.

Pero o maior problema xurdiu cando aos participantes do proxecto se lle trasladaron facturas por parte da empresa Naturgalia para sufragar o importe dun suposto 30% a maiores de incremento da plantación que acordaron entre a Xunta de Galiza e a asociación ADIVUPAR sen que os membros de dita asociación tiveran coñecemento.

Segundo estes afectados, en ningún dos documentos asignados coa Consellaría do Medio Rural e do Mar no ano 2013 se fai mención a que os participantes deben colaborar na financiamento do mesmo. Incluso acreditan que o día 29 de xaneiro de 2013 solicitóuselle a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes a documentación polo que a asociación se faría cargo da obriga de sufragar este 30% a maiores do investimento, respondendo a Subdirectora Xeral de Formación e Innovación Agroforestal mediante escrito do 12 de marzo de 2015 que non lle consta a documentación solicitada.

Tampouco lles consta que dende a asociación ADIVUPAR, se teña aprobado algún acordo neste sentido. O sorprendente é que o día 20/10/2015 se lles traslade comunicación onde o Secretario Xeral de Montes e a presidenta de AVIDUPAR fan constar o compromiso de realizar un 30% máis de plantacións produtivas polos produtores participantes mediante o investimento privado do custe dese aumento, de forma que significará un incremento a maiores das plantacións incluídas no proxecto e unha implicación directa dos produtores.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto encontrámonos cunha situación onde se levou a cabo un proxecto con cartos públicos que non se executou segundo o acordado, nin ofreceu as garantías fitosanitarias precisas para desenvolver un cultivo de oliveiras óptimo e deixou sen cumprir o compromiso de reposición das plantas infectadas. A maiores por parte dunha empresa privada expedíronlle facturas aos participantes sen que haxa vinculación coa obra, nin presentación de orzamento nin aceptación da proposta por uns traballos dos que nunca tiveron coñecemento. O propio Secretario Xeral de Montes e a presidenta de AVIDUPAR intentaron que os propietarios se fixeran cargo dunhas facturas considerables (por exemplo, unha de 7.135,50 euros) sen que a Administración nin a asociación acredite con rigorosidade os acordos polo cales se tomou dita decisión.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- O proxecto Cernes foi financiado na súa totalidade con cartos públicos? Cal é o motivo de que se decidira modificar o financiamento? Quen o decidiu? Cal é a razón pola que os propietarios deben sufragar o sobre custe dun 30% e encima realizar a obra fora da súa propiedade?

2.- Tiveron denuncias por parte dos participantes relativas a que non se executou o proxecto tal e como estaba previsto? Quedaron traballos sen acometer? Recibíronse reclamacións de que a planta non estaba en boas condicións? Levouse a cabo as anelases pertinentes? Repuxéronse aqueles plantas que morreron?

3.- Como é posible que no expediente non haxa ningún documento que acredite que a asociación se faría cargo da obriga de sufragar este 30% a maiores do



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

investimento? Haberá algunha documentación da propia asociación onde lle transmite a súa aceptación a facerse cargo dun incremento do proxecto dun 30%?

4.- A que é debido que transcorrido tanto tempo despois de rematado o proxecto o Secretario Xeral de Montes e a presidenta de AVIDUPAR fagan constar mediante escrito o compromiso da asociación mediante o cal os seus socios deben realizar un 30% máis de plantacións mediante investimento privado do custe dese aumento?

5.- Considera razoable que unha empresa privada emita facturas sen relación ningunha cos propietarios e sen realizar ningún traballo nos seus terreos nin terlle presentado oferta ou orzamento polos traballos que vai desenvolver? Comprobou que as facturas presentadas se axustan aos prezos de mercado?

6.- Que vai asumir a responsabilidade desta tramitación chapuceira? Quen van asumir o pago do traballo realizado pola empresa, no caso de que se levase a cabo?

7.-Quen vai asumir o prexuízo causado aos participantes no proxecto ao expedirlle facturas por traballos que descoñecen e mesturalos nun procedemento sen o seu consentimento?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Deputado do G.P. do BNG

Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 22/01/2016 10:42:31

María Tereixa Paz Franco na data 22/01/2016 10:42:34

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Banco de Terras de Galicia é un instrumento da Consellería do Medio Rural co que se pretende regular o uso e aproveitamento de fincas con vocación agraria, co dobre obxectivo de evitar o seu abandono e de poñelas a disposición de todas aquelas persoas que necesiten terra para usos agrícolas, gandeiros, forestais, de conservación da natureza e patrimonio ou outros usos de interese social.

Na lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Bando de Terras de Galicia, régúlase todo o referido as funcións, procedemento, etc.

No artigo 9 se reconece entre as funcións do Banco de Terras a de xestionar os predios incorporados e a de promover a xestión sustentable das terras facilitando a reforma das estruturas rurais e posibilitando unha utilización axeitada dos mesmos.

Do mesmo xeito no artigo 24 se recolle que a Entidade Xestora do Banco de Terras de Galicia poderá realizar traballos de mellora nos predios que integran o Banco de Terras, coa finalidade de conservar os seus recursos naturais e favorecer unha explotación racional dos seus recursos.

En definitiva que é responsabilidade a xestión de ditas parcelas cando se atopen incorporadas ó Banco de Terras e mentres estas non sexan transferidas a outro titular.

Ante isto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son os criterios de xestión de unha parcela mentres esta se atopa baixo a responsabilidade e titularidade do Banco de Terras?

Grupo Parlamentario

2. Como se decide a venda de madeira de unha determinada parcela, cal é o procedemento para a súa venda, e a que se destinan os recursos obtidos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2016

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo García García na data 22/01/2016 13:25:58

Raúl Fernández Fernández na data 22/01/2016 13:26:04

José Ramón Val Alonso na data 22/01/2016 13:26:11

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, José Antonio Sánchez Bugallo, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Banco de Terras de Galicia é un instrumento da Consellería do Medio Rural co que se pretende regular o uso e aproveitamento de fincas con vocación agraria, co dobre obxectivo de evitar o seu abandono e de poñelas a disposición de todas aquelas persoas que necesiten terra para usos agrícolas, gandeiros, forestais, de conservación da natureza e patrimonio ou outros usos de interese social.

Na Lei 7/ 2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Bando de Terras de Galicia, regúlase todo o referido as funcións, procedemento, etc.

No artigo 9 se reconece entre as funcións do Banco de Terras a de xestionar os predios incorporados e a de promover a xestión sustentable das terras facilitando a reforma das estruturas rurais e posibilitando unha utilización axeitada dos mesmos.

Do mesmo xeito no artigo 24 se recolle que a entidade Xestora do Banco de Terras de Galicia poderá realizar traballos de mellora nos predios que integran o Banco de Terras, coa finalidade de conservar os seus recursos naturais e favorecer unha explotación racional dos seus recursos.

En definitiva que é responsabilidade a xestión de ditas parcelas cando se atopen incorporadas ó Banco de Terras e mentres estas non sexan transferidas a outro titular.

As parcelas incorporadas ao Banco de Terras de Galicia cos números de expediente 20071501386 e 20071501524 localizadas no concello do Pino, son dous predios forestais que en distintas fases por parte do Banco de Terras se está procedendo a corta da madeira.

Grupo Parlamentario

Ante isto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son os criterios de xestión de unha parcela mentres esta se atopa baixo a responsabilidade e titularidade do Banco de Terras?
2. Como se decide a venda de madeira de unha determinada parcela, cal é o procedemento para a súa venda, e a que se destinan os recursos obtidos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2016

Asdo.:Pablo García García
José Antonio Sánchez Bugallo
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 22/01/2016 13:29:18

José Antonio Sánchez Bugallo na data 22/01/2016 13:29:24

Raúl Fernández Fernández na data 22/01/2016 13:29:31

José Ramón Val Alonso na data 22/01/2016 13:29:37

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Orde do 23 de decembro de 2015 establece as bases reguladoras e a convocatoria para este ano das axudas e inversións en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización, e comercialización de produtos forestais.

Esta orde é sen dúbida a máis importante para un sector estratéxico para Galicia en termos de axuda e sen embargo, de non modificarse os criterios vai a deixar unha parte importante do mesmo fóra de poder optar a axudas para as súas inversións.

Dita orde no seu artigo 3.3. apartado i), limita a maquinaria e instalacións de primeira transformación de madeira en serradoiros que non superen os 10.000 metros cúbicos de madeira en rulo empregada para o serrado, polo cal moitos serradoiros quedarían fóra de poder optar a esta medida.

Ante isto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno desta limitación que deixa fóra da convocatoria a moitos serradoiros deste país?
2. Cales son os motivos?
3. Vai a formular o Goberno galego algunha alternativa para os serradoiros que queden fóra desta convocatoria polo seu tamaño?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2016

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo García García na data 22/01/2016 13:41:41

Raúl Fernández Fernández na data 22/01/2016 13:41:50

José Ramón Val Alonso na data 22/01/2016 13:41:56

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López e Emilio Vázquez Blanco, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nas últimas semanas teñen acontecido toda unha serie de circunstancias na vida política do noso país que poden e deben facer “mudar as formas de facer política”.

Lamentablemente estamos moi acostumados ao longo dos últimos anos a que se faga política (ou mellor dito mala política) sen escoitar absolutamente nada do que din os diferentes grupos da oposición, cousa que vén de ser duramente castigada nas últimas eleccións xerais, pois o voto da cidadanía deixou moi claro que ninguén contará coa maioría absoluta para impoñer os seus criterios en solitario.

Iso acaba de acontecer no conxunto do Estado, e son dos que pensa que acontecerá tamén a finais de ano na nosa comunidade autónoma.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que o Goberno galego e o partido que o sustenta no Parlamento deben empezar a cambiar determinadas actitudes e deben facelo canto antes, e precisamente por iso queremos darlle ao Goberno galego a oportunidade de empezar a rectificar esas condutas que a cidadanía castigou con dureza nas últimas eleccións desenvolvidas no noso país, tanto nas xerais como nas municipais.

Meses atrás, intentamos convencer ao Goberno galego e ao Grupo Popular da necesidade de implantar o denominado bacharelato internacional de maneira equilibrada nas catro provincias galegas, e non o logramos.

Grupo Parlamentario

Meses atrás intentamos tamén aproveitar a excelente distribución de aulas mentor polo noso país para poñelas a disposición da formación do profesorado galego, e tampouco fomos quen de conseguilo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso, e diante da nova situación política que vimos de describir, os deputados e deputada que asinan preguntan:

1ª) Ten previsto o Goberno galego crear en Lugo e Ourense o denominado bacharelato internacional?

2ª) Considera o Goberno galego que as dúas provincias da Galicia interior (Lugo e Ourense) están sendo discriminadas nesta cuestión?

3ª) E finalmente, pensa o Goberno galego aproveitar as aulas mentor espalladas polo territorio para facilitar a formación do noso profesorado?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 22/01/2016 13:52:57

María Concepción Burgo López na data 22/01/2016 13:53:06

Emilio Vázquez Blanco na data 22/01/2016 13:53:11

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A SEOM (Sociedade Española de Oncoloxía Médica) fai uns meses no XV Congreso desta sociedade presentou un estudio sobre o acceso aos fármacos oncolóxicos nas diferentes comunidades do noso Estado.

Así mesmo, tamén deron a coñecer o resultado do informe sobre recursos e calidade da oncoloxía médica (RECALOM) que tiña por obxecto elaborar un diagnóstico da situación da atención oncolóxica en España, co fin de mellorar a calidade e a eficiencia desta atención.

E unha das principais conclusións deste Congreso foi que existen importantes e inxustificables variacións en canto aos tratamentos oncolóxicos recibidos, pero tamén na frecuencia, na taxa bruta e axustada de mortalidade, na estancia media e nos reingresos hospitalarios.

Diferenzas no manexo destes doentes que preocupan e que deben estudarse con profundidade e que deixaron moi claro que son os centros hospitalarios máis complexos, os de 500 camas ou máis, os que mellores resultados teñen nestes tratamentos e coidados.

Dende logo despois destes estudos temos que poñernos a traballar para reducir esa heteroxeneidade empezando polo acceso a algúns dos fármacos utilizados para tratar os cancros máis comúns.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que todos as persoas doentes e todos os tipos de cancro poden acceder ao tratamento médico indicado polos Servizos de Oncoloxía no tempo adecuado?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Que número ten a Comunidade Autónoma galega no estudo realizado pola SEOM e presentado no último Congreso sobre o acceso ao tratamento médico dos cancros máis comúns?
3. Que fármaco presenta máis demora no acceso en Galicia en comparación con outras comunidades autónomas?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2016

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 22/01/2016 17:13:47

Carmen Gallego Calvar na data 22/01/2016 17:13:52

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 22/01/2016 17:13:56

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Sr. Feijoo e o seu Goberno presumen de impulsar iniciativas que buscan mellorar a transparencia, a participación e a información da cidadanía sobre a xestión feita dende a Xunta de Galicia, especialmente, en asuntos de tanto interese para as persoas como é a saúde.

Pero a realidade é ben distinta, pois nin para a cidadanía nin para nós os seus representantes é fácil topar información real e veraz da xestión que dos recursos públicos está a facer o Goberno do PP,m tanto en Galicia como en Madrid. Por non ser fácil o acceso a información nin sequera o é, tratándose do Partido Popular, para a xustiza.

Non só non podemos coñecer nin nós nin as persoas usuarias a situación da listas de espera como sería de desexar, senón que tampouco a poden coñecer os propios profesionais que tan útil lle resultaría para saber como manexar aos doentes mentres tanto.

Pero por non coñecer tampouco se coñece o Catálogo de servizos e prestacións, os organigramas, directorios e documentos a disposición da cidadanía, formularios, etc.

Ademais de levar todos estes anos de xestión o Sr. Feijoo, están aínda sen publicar as memorias de actividade dos diferentes centros sanitarios do Sergas.

Por iso, por mellorar a accesibilidade aos servizos públicos, as deputadas que asinan consideran necesario presentar esta pregunta para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que a cidadanía está correctamente informada da situación das listas de espera?

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Cando vai o Goberno a utilizar a infraestrutura electrónica do Sergas para informar da situación da espera sanitaria?
3. Como explica o Goberno que non se publiquen as memorias da actividade sanitaria dos complexos hospitalarios galegos dende o ano 2010?
4. Cantos centros sanitarios dispoñen de páxina web a día de hoxe e cando se porán en marcha nos demais?
5. Que tipo de información se facilita á cidadanía por internet dende o Sergas?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2016

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 22/01/2016 17:29:09

Carmen Gallego Calvar na data 22/01/2016 17:29:14

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 22/01/2016 17:29:22



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Cosme Pombo Rodríguez, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a diversas convocatorias do Goberno Galego financiadas con fondos FEADER para o ano 2016.

O pasado día 30 de decembro publicáronse no DOG, entre outras moitas, dúas ordes do 28 de decembro polas que se establecen as bases e se convocan para o ano 2016 as axudas para a reforestación e para a creación de superficies forestais e outra para o fomento da silvicultura.

O prazo para acollerse a estas axudas remata o próximo día 30 deste mes de xaneiro. A día de hoxe non se poden nin descargar os impresos de solicitude nin se poden cumprimentar as solicitudes por vía telemática como se recomenda na propia orde da convocatoria.

Nos días inmediatamente posteriores á publicación no DOG, na sede virtual da Xunta podíanse descargar impresos de solicitude, que non coincidían coas bases e que foran usados en convocatorias anteriores, mais na actual son inservíbeis por non axustárense ás bases da orde actual.

Isto parece evidenciar que o único interese do Goberno da Xunta é convocar para este ano electoral moreas de convocatorias de axudas dunha forma precipitada sen tan sequera ter operativos os programas informáticos para a tramitación telemática das solicitudes nin os propios impresos para a presentación en papel e de forma presencial nos rexistros.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En concreto, estas dúas de axudas de Medio rural, financiadas con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, non foron convocadas no ano 2015 para acumulalas no ano electoral do 2016, cando se trata dun programa plurianual. Isto viría a corroborar que están xogando cos cartos públicos en función dos intereses electorais do PP.

Para alén diso, esta situación pode provocar trastornos ás e aos eventuais solicitantes destas axudas. En concreto as persoas que utilizaron os impresos que se podían descargar na sede virtual da Xunta e que logo foron eliminados. Esas solicitudes foron depositadas nos rexistros administrativos e, como non se axustan ás bases da convocatoria, é posíbel que presenten problemas para a súa tramitación, cos conseguíntes prexuízos para os e as interesadas.

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- É consciente de que a cinco días de que remate o prazo para a solicitude desas axudas non están a disposición dos e das interesadas os formularios adecuados ás bases de convocatoria para poder realizar as solicitudes?

2.- Cales son as razóns desta improvisación na convocatoria destas axudas?

3.- Teñen avaliado as consecuencias que esta situación pode provocar para as persoas interesadas nestas ordes de axuda?

4.- Que actuacións ten previsto realizar para resolver esta situación garantindo o dereito de todas as e os interesados en presentar solicitudes?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Que teñen previsto en relacións coas solicitudes xa presentadas nos rexistros públicos nun formulario que non se adecúa ás bases da convocatoria para o ano 2016?

6.- Ten intención de determinar as posíbeis responsabilidades neste asunto coa finalidade da súa asunción por quen corresponda?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

Cosme Pombo Rodríguez

Deputada e deputado do G.P do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 25/01/2016 13:44:18

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 25/01/2016 13:44:23



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galiza en cumprimento das recomendacións do Comité de Expertos da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minorizadas.

O Comité de Expertos da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minorizadas, ven de publicar o novo informe de seguimento do cumprimento da mesma. Por segunda vez desde a chegada de Núñez Feijóo á presidencia da Xunta, este comité instou á Xunta e ao Estado a modificar as políticas contrarias ao disposto neste marco normativo alertando de incumprimentos. De feito nestas recomendacións reclaman a dotación dos medios para garantir o cumprimento da Carta en todos os aspectos e, dun xeito especial no ámbito do ensino, sinalando que os obxectivos Decreto de Plurilingüismo entran en contradición e incumpren o contemplado na Carta. Neste ano, por primeira vez, é o propio Consello de Ministros quen sinala nas súas recomendacións que a introdución dunha terceira lingua non pode ir en detrimento da propia. Isto significa que o propio Consello de Europa sumase ás voces plurais e diversas que na Galiza reclaman un novo decreto.

Hai, ademais, un paso importante por parte do Consello de Europa xa que por primeira vez é o propio Consello de Ministros quen sinala nas súas recomendacións que a introdución dunha terceira lingua non pode ir en detrimento da propia.

O informe do Comité de Expertos chama a atención sobre os problemas para utilizar o galego na xustiza, destacando que nos procedementos xudiciais o programa



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informático creado pola Xunta non permite o uso do galego e critica que no acceso á carreira xudicial en Galiza non se contempla o coñecemento de galego.

No relativo á administración, o informe sinala a inexistencia de impresos e documentación en galego e que “en xeral os servizos públicos da administración española non garanten servizos en galego”. Critican o peche de un terzo dos Servizos de Normalización Lingüística nos Concellos e sinálase como principais eivas que a privatización de servizos non garante a oferta en galego na atención ao público.

No tocante medios de comunicación este informe demanda ao goberno galego a impulsar canles de TV, radio, e xornal impreso integramente en galego, para corrixir o desequilibrio de oferta en lingua galega. Así mesmo solicitan información e animan a impulsar acordos que permiten o intercambio das transmisión de Radio e Televisión entre Galiza e Portugal.

Finalmente, mencionar que o Comité de Expertos tamén sinala o retroceso na oferta de galego en documentación, atención e formularios de Abanca en relación aos pasos que xa estaban a dar as antigas caixas e alertan sobre problemas de pacientes no SERGAS para seren atendidos en galego, instando ás autoridades a cambiar esta situación de discriminación.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que valoración lle merece ao Goberno Galego o último informe de seguimento do Comité de Expertos da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minorizadas?

-Ten previsto a Xunta de Galiza aplicar estas recomendacións?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que actuacións concretas van desenvolver para dar cumprimento a estas recomendacións?

-Inclúe entre estas actuacións a elaboración dun novo decreto para a normalización da lingua galega no ensino obrigatorio?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 25/01/2016 18:32:05

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Ramón Val Alonso, Maria de los Angeles Ferreiro Vidarte e José Manuel Gallego Lomba, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Desde hai varios días unha nova problemática afecta ao sector pesqueiro galego.

Os armadores de barcos galegos abandeirados en Francia están moi preocupados diante da esixencia das autoridades francesas de obrigar aos tripulantes destes buques a darse de alta e cotizar no *Établissement National des Invalides de la Marine* (ENIM), obviando claramente a normativa europea neste sentido que literalmente establece no artigo 11.4 do Regulamento 883/2004 o seguinte: “que un traballador que desenvolve a súa actividade nun barco abandeirado nun Estado Membro pero que cobra doutro país no que tamén reside, debe de cotizar a todos os efectos neste último”.

As autoridades francesas poñen como data límite para dar de alta no ENIM a todos estes traballadores o día 15 de xaneiro de 2016.

A pesar da inminencia da data, de que estamos a falar de preto de 500 tripulantes e que, seguramente, de aplicarse esta medida os afectados van ver reducidos os seus ingresos no momento da xubilación, nin o Goberno da Xunta de Galicia nin o Goberno do Estado teñen amosado a máis mínima preocupación.

Por todas estas razóns os deputados e a deputada que asinan preguntan:

1ª) É consciente o Goberno galego da pretensión das autoridades francesas para cos mariñeiros que traballan en barcos abandeirados nese país?

2ª) Que opinión lle merece o Goberno galego, cre que esa pretensión se axusta á normativa?

 Grupo Parlamentario

3ª) Que está a facer o Goberno para corrixir esta situación?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2016

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 26/01/2016 10:28:25

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 26/01/2016 10:28:42

José Manuel Gallego Lomba na data 26/01/2016 10:29:00

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Emilio Vázquez Blanco, Ricardo Vicente Docasar Docasar e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Consello de Europa acaba de censurar, unha vez máis, no seu informe sobre o uso das linguas minoritarias a perda de presenza do galego no ensino causada pola política lingüística da Xunta de Galicia.

O Comité de Expertos para a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias considera que os límites que establece o chamado Decreto do plurilingüismo están claramente en contradición cos compromisos adquiridos polas autoridades españolas e galegas de facer o galego a lingua predominante na ensinanza, insistindo en que isto non se cumpre en ningún dos niveis educativos.

Igualmente duro é o dito informe sobre a implantación do galego en outros ámbitos como a xustiza, a sanidade e a administración onde non se respectan os dereitos da cidadanía a utilizar o seu idioma e se están a incumprir os compromisos adquiridos coa sinatura da Carta Europea das Linguas.

En definitiva, por segunda vez no Goberno do Sr. Feijoo o Consello de Europa insta ao seu Goberno a poñer os medios para garantir o cumprimento da carta e pon en entredito o Decreto 79/2010 insistindo nas súas perniciosas consecuencias.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora a Xunta de Galicia o último informe do Comité de Expertos para a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias?
2. Como valora que o Consello de Europa censure as consecuencias no ensino do chamado Decreto do plurilingüismo?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Como valora as consideracións que se fan no citado informe sobre o uso do galego na xustiza, na sanidade e na administración?
4. Vai poñer en marcha as recomendacións feitas polo Consello de Europa no informe citado?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro de 2016

Asdo.: Concepción Burgo López
Emilio Vázquez Blanco
Ricardo Vicente Docasar Docasar
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 26/01/2016 10:07:27

Emilio Vázquez Blanco na data 26/01/2016 10:07:32

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 26/01/2016 10:07:41

Noela Blanco Rodriguez na data 26/01/2016 10:07:46

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Carlos González Santín, José Luis Méndez Romeu e José Antonio Sánchez Bugallo, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Asociación de Usuarios de Bancos Caixas recibe cada día nas súas sedes a consumidores que son presionados polos seus bancos para que asinen abusivos “acordos” a cambio de eliminar ou reducir o impacto da cláusula chan das súas hipotecas. Ningunha proposta inclúe a obrigaón de devolver as cantidades cobradas ilegalmente pola cláusula chan, ademais de esixir ao usuario que renuncie a accións legais xa iniciadas ou que puidese emprender no futuro. Dado que as entidades financeiras persisten na súa actitude, a xente ten que acudir os tribunais porque os bancos de forma voluntaria non quitan esta abusiva cláusula. Algunhas das propostas que fan os bancos son:

- Redución da cláusula chan a cambio de asinar unha declaración de coñecer perfectamente as consecuencias e riscos que ten esta cláusula.
- Eliminación temporal da cláusula chan por un período de tempo.
- Eliminación total do chan a cambio do aumento do diferencial.
- Obrigaón de contratar produtos a cambio da eliminación de dita cláusula.
- Conversión temporal da hipoteca de interese variable a interese fixo.

Ningún consumidor debe aceptar calquera destas condicións por eliminar unha cláusula abusiva de un contrato ou reducir o impacto da cláusula chan, e entendemos que estas practicas van en contra da boa praxis bancaria que ademais agora esta apoiado por un recente informe da Comisión Europea.

Con data 28 de outubro de 2014 foi aprobada por este parlamento e por unanimidade unha proposición non de lei en Pleno que dicía que “O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que habilite os mecanismos necesarios para que

Grupo Parlamentario

o Instituto Galego de Consumo adopte as medidas sancionadoras oportunas contra as entidades financeiras que persistan no abuso de non retirar as cláusulas chan dos contratos bancarios con particulares, ao tempo que se lles dea a máxima cobertura aos consumidores poñendo todos os medios necesarios ao dispor dos afectados polas cláusulas chan”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pasado máis de un ano, persisten estes abusos e por parte do Goberno da Xunta non se deu resposta, tanto na comparecencia da directora xeral de Comercio, con motivo da pregunta na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos con fecha do 23 de abril de 2015; así como na intervención do conselleiro de Economía e Industria, respondendo a unha pregunta durante a sesión do Pleno da Cámara galega do 10 de xuño, onde non se aclararon cales son as actuacións que esta a levar a cabo o Instituto Galego de Consumo para evitar eses abusos.

Esta situación estalle supoñendo un gasto aos consumidores que teñen que recorrer á vía xudicial para denunciar estas practicas por parte das entidades financeiras con respecto das cláusulas chan.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

1ª) Que medidas sancionadoras adoptou ata o de agora o Instituto Galego de Consumo contra as entidades financeiras que persisten no abuso de non retirar as cláusulas chan dos contratos bancarios con particulares?

2ª) Cal foi o número de sancións impostas polo Instituto Galego de Consumo dende o mandato de este parlamento ata a actualidade?

3ª) Que medios puxo o Instituto Galego de Consumo a dispor dos afectados polas cláusulas chan?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2016



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos González Santín na data 26/01/2016 11:43:12

Jose Luis Méndez Romeu na data 26/01/2016 11:43:24

José Antonio Sánchez Bugallo na data 26/01/2016 11:43:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Carlos González Santín, José Luís Méndez Romeu e José Antonio Sánchez Bugallo, deputados pertencentes ao Grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Na actualidade, o financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común réxese pola Lei 22/2009 do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

O Consello de Política Fiscal e Financeira, valorará os distintos aspectos estruturais do Sistema de Financiamento, con carácter quinquenal, para informar sobre as posibles modificacións que se poidan facer, en aras dunha mellor coordinación financeira, garantindo a autonomía e suficiencia das comunidades e o equilibrio e sostibilidade do sistema.

O Estado de benestar refórzase mediante a incorporación polo Estado de recursos adicionais que se integran no sistema, como garantía de equidade e nivelación que ten por obxecto asegurar que cada comunidade autónoma recibe os mesmos recursos por unidade de necesidade para financiar os servizos públicos fundamentais do Estado de Benestar. Concrétanse estes recursos mediante unha serie de variables que van determinar a cantidade recibida por cada comunidade.

A actual situación de Galicia na que as achegas a cargo do sistema de financiamento autonómico son inferiores con respecto a 8 anos atrás, obriga a que se teña que aumentar o peso de variables como a dispersión xeográfica ou a poboación maior de 65 anos para poder prestar de forma eficiente pola Xunta os servizos públicos que necesita Galicia.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cre o Goberno que a financiamento que esta a recibir Galicia é suficiente para para cubrir os servizos públicos?



Grupo Parlamentario

2ª) Cre o Goberno que hai que modificar o actual sistema de financiamento para que Galicia reciba mais recursos?

3ª) Vaise esixir polo Goberno da Xunta o Goberno do Estado que se inicien os traballos para a elaboración dun novo sistema de financiamento autonómico?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos González Santín na data 26/01/2016 12:10:02

Jose Luis Méndez Romeu na data 26/01/2016 12:10:15

José Antonio Sánchez Bugallo na data 26/01/2016 12:10:29



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á necesidade de mellora da seguridade vial na PO-300 ao seu paso pola parroquia de Oubiña, Cambados.

A PO-300, forma parte da rede viaria competencia da Xunta de Galiza. A mesma ten un tramo no seu paso pola parroquia de Oubiña, no concello de Cambados, de unha moi alta sinistrabilidade, converténdose o mesmo nun auténtico punto negro da rede viaria.

Segundo os datos de Protección Civil de Cambados nos últimos tres anos téñense producido neste tramo 24 accidentes, seis en 2013, sete en 2014 e nove en 2015, aos que hai que sumar os dous que se teñen producido recentemente, neste primeiro mes de xaneiro do ano 2016. Destes sinistros dous saldáronse con vítimas mortais.

Tanto a Asociación de Veciños da parroquia de Oubiña como o BNG temos demandado en diversas ocasións solucións para garantir a seguridade neste tramo, sen que ata o de agora se teñan levado a cabo.

O importante número de sinistros como a gravidade de algúns dos mesmos, que infelizmente se saldaron con vítimas mortais, fan preciso que se adopten decisións de inmediato, por esta razón formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Ten constancia o Goberno galego da altísima sinistrabilidade que se produce na PO-300 ao seu paso pola parroquia de Oubiña, en especial no “punto negro” situado



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entre as últimas vivendas, no lugar da Cereixeira e o polígono industrial Sete Pías?

-Está planificada a realización de algunha actuación para solucionar o problema?

-De ser así en que van a consistir e en que data está previsto que se acometan?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 26/01/2016 13:16:18

Ana Belén Pontón Mondelo na data 26/01/2016 13:16:24



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á realización de balanzas fiscais coa metodoloxía do fluxo monetario.

En xullo do ano 2015, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou os resultados do “sistema de contas públicas territorializadas”, calculadas cos datos fiscais do ano 2012, dando continuidade á publicación das mesmas iniciada no ano 2014, onde o cálculo deste sistema de contas realizouse con datos fiscais do ano 2011.

As contas elaboradas e publicadas polo goberno son unha variación das balanzas fiscais, que teñen como clara intencionalidade política reforzar a concepción centralista do Estado, minimizando os múltiples beneficios dos que goza Madrid polo “efecto capitalidade”, e reforzar a falsa idea de que Galiza é un territorio subsidiado, que non ten recursos suficientes para valerse por si mesmo e precisa da solidariedade estatal. Non é casual que o autor da metodoloxía, Ángel de la Fuente, sexa coñecido polas súas declaracións moi críticas coa Generalitat sobre as balanzas fiscais. Así, nestas contas, todas as escollas metodolóxicas realízanse para favorecer estes obxectivos.

Neste aspecto cabe destacar o uso do método da carga-beneficio, que ademais se leva ate as últimas consecuencias. Neste método, os gastos e investimentos do Estado imputanse en función de quen supostamente se beneficia deles, independentemente de onde se produza o gasto, o que leva a imputar o gasto nun territorio a residentes doutros territorios lonxanos, ao consideralos dalgún xeito beneficiarios.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, existen outras opcións metodolóxicas que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas se nega en redondo a utilizar, a pesares de ser opcións perfectamente recoñecidas no ámbito académico. Así, de xeito alternativo ao uso do método da carga beneficio, está o método do fluxo monetario, que se basea en realizar unha avaliación comparativa dos ingresos realmente soportados e dos gastos públicos territoriais, que se realizan efectivamente nun territorio dado, como se existira plena autonomía financeira, mais de acordo sempre coa normativa fiscal e orzamentaria vixente.

Deste xeito, mediante este método, os bens públicos e indivisíbeis atribúense ao territorio onde se localiza a produción do servizo, mentres que no criterio de carga beneficio eses gastos repártense entre todas as comunidades autónomas segundo a súa poboación ou outra variábel de reparto.

Tamén hai que facer especial mención á computación da Seguranza Social contributiva. O actual sistema de pensións é de reparto, e as prestacións contributivas parten das cotizacións das persoas traballadoras, existindo un desfase temporal entre a cotización e a posterior pensión. Polo tanto, a súa natureza non é fiscal, polo que non pode considerarse como un ingreso ou gasto do Estado en relación cos territorios. En todo caso, debería ter un tratamento aparte ao dos fluxos fiscais, e de contemplarse nos cálculos, debería terse en conta o factor corrector que supón a emigración para traballar a outros territorios do Estado e o retorno que se produce na xubilación.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza dos resultados para Galiza do “sistema de contas públicas territorializadas”?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza de que eses cálculos so se realicen co método da carga beneficio?

-Cre a Xunta de Galiza que teríamos unha información máis completa sobre os fluxos fiscais de Galiza co Estado se tamén se elaborasen e publicasen as balanzas fiscais mediante a metodoloxía do fluxo monetario?

-Ten previsto realizar a Xunta de Galiza algunha acción tendente a incrementar a información e a transparencia dos fluxos fiscais entre Galiza e o Estado?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 26/01/2016 16:22:55

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar, Emilio Vázquez Blanco e María Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O pasado día 18 de xaneiro tivo lugar a última Mesa Sectorial de Educación, “foro” onde están presentes os sindicatos máis representativos do ensino e a propia Administración educativa.

Nesa xuntanza abordáronse moitos dos temas que están a preocupar hoxe en día á comunidade educativa galega, e que veñen a engadirse a outros que veñen ocupando e preocupando habitualmente ao Grupo Parlamentario Socialista nos últimos meses de actividade parlamentaria.

Entre os temas que preocupan aos sindicatos están cuestións relacionadas co profesorado: oposicións, traslados, permisos ou vacacións.

Por outra banda, entre os asuntos nos que vimos traballando neste grupo parlamentario, e que entendemos seguen sen resolver, están: a fenda dixital entre centros educativos segundo se atopen nas cidades ou no rural, a adaptación do Programa XADE á nova normativa, a necesidade de arranxos nos edificios educativos, a renovación de equipamentos didácticos e o desfase dun regulamento orgánico de centros (ROC) do século XX ás necesidades do século XXI.

Temos escoitado nas últimas semanas palabras moi optimistas en relación a algúns destes temas, e en concreto no relativo ao incremento da velocidade de acceso á internet dos centros educativos galegos durante 2016.

O Grupo Socialista ten afirmado en moitas ocasións en sede parlamentaria que mentres hai centros que están comodamente instalados no século XXI, hai moitos outros que aínda transitan polo século XX.

Grupo Parlamentario

Esta mesma situación véemola tamén na falta de vontade nos últimos anos para impulsar un novo regulamento orgánico de centros (ROC) que facilite respostas ás necesidades dos centros de hoxe.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso, e co fin de coñecer como avanza todas estas cuestións, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

1ª) Que actuacións concretas (e en que centros e de que provincias) ten previsto abordar en 2016 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para corrixir a fenda dixital existente entre os centros educativos galegos?

2ª) Ten solucionado a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a problemática acontecida co Programa XADE na primeira avaliación?

3ª) Vai por fin abordar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a elaboración dun novo ROC en 2016?

4ª) E finalmente, como vai quedar a nova normativa de permisos e vacacións do profesorado que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a negociar neste intre coas forzas sindicais representadas na Mesa Sectorial de Educación?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2016

Asinado dixitalmente por:



 [Grupo Parlamentario](#)

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 26/01/2016 14:09:41

Emilio Vázquez Blanco na data 26/01/2016 14:09:53

María Concepción Burgo López na data 26/01/2016 14:10:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a actuación da Xunta de Galiza en relación co ERE da empresa pública TRAGSA.

A empresa pública TRAGSA, de titularidade do Estado que posúe o 100% do seu capital social, por por das perdas que se produciron por primeira vez na historia no exercicio 2013 iniciou a finais dese ano a tramitación dun expediente de regulación de emprego extintivo.

Ese ERE foi anulado con posterioridade por unha sentenza da Audiencia Nacional que obrigou á readmisión de todos os traballadores e traballadoras ás que xa se lles tiña aplicado.

Desde ese momento até a actualidade a situación financeira da empresa mudou substancialmente. Durante o exercicio 2014 persistiron as perdas chegando a acumular nos dous anos 45 millóns de euros, porén durante o exercicio 2015 obtivo uns beneficios de 9 millóns de euros. Todo isto produciuse ao mesmo tempo que a empresa mantén un fondo de reservas voluntarias de máis de 200 millóns de euros que precisamente deberían usarse para paliar situacións como as vividas en 2013 e 2014.

Os beneficios obtidos durante 2015 e a recuperación financeira da empresa produciuse coa reincorporación da totalidade do cadro de persoal, sen executar o ERE tal como ordenou a Audiencia Nacional, o cal demostra que o ERE non era necesario desde o punto de vista da viabilidade económica da empresa. É mías durante ese tempo a empresa seguiu contratando traballadores eventuais, 1100 durante o ano 2015,



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acadando a cifra total de 4.500 eventuais neste grupo de empresas.

Tamén esta recuperación se produciu ao mesmo tempo en que se ía sobredimensionando cada vez máis o cadro directivo do grupo de empresas que foi usada como “axencia de colocación” con salarios en moitos casos obscenos de persoas afíns ao partido do goberno descolgados de cargos anteriores.

A situación actual ven motivada por unha sentenza do Tribunal Supremo que anula a emitida anteriormente pola Audiencia Nacional e que habilita á empresa para a verificación do ERE formulado a finais do 2013.

A partir dese momento, e xa cun goberno do Estado en funcións empeza o desatino por parte da dirección deste grupo de empresas de aplicar o ERE aínda que todas as circunstancias económicas de empresa e a carga de traballo o fan absolutamente innecesario.

Así tense iniciado o proceso para o despido dun total de 1336 persoas nas diferentes empresas do grupo (fundamentalmente Tragsa e Tragsatec) dos cales 103 se van producir en Galiza. A día de hoxe, cunha eficacia inusitada para o despido, en Galiza xa se verificou o despido de 75 persoas o que supón case un 73% do total.

Esta actuación irresponsábel e que non se axusta á situación da empresa só se pode entender desde a óptica de querer facer unha aplicación extrema da reforma laboral para eliminar traballo estable e substituílo por outro eventual e con condicións máis precarizadas.

Intuímos que esta é a razón pola que a propia empresa freou nas súas pretensión. O pasado día 21 emitiu un comunicado no que daba por finalizada a execución do ERE. Este Grupo Parlamentar considera que isto supón un recoñecemento de que as razóns aducidas polos traballadores e traballadoras en contra do ERE eran verídicas e



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

solventes. Alégranos que tamén así se recoñeza por parte da empresa pública. Porén agora xorde unha nova situación que temos que resolver, a das centos de persoas que xa foron despedidas como consecuencia do ERE.

Esta situación afecta tamén dunha forma directa ao Goberno Galego que mantén cuantiosas encomendas e traballos con este grupo de empresas. Polo tanto o Goberno Galego debera ter unha actuación activa na defensa e preservación dos dereitos dos traballadores e traballadoras ao tempo que velar porque este ERE non afecte a actuacións moi importantes que as empresas do grupo Tragsa veñen realizando para a administración pública galega, ademais de evitar a destrución de máis postos de traballo no noso país.

A nosa posición ao respecto é clara. O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera que é ineludíbel que se resolva a situación de todos os traballadores e traballadoras xa despedidas e que se repoñan nos seus postos de traballo en idénticas condicións as que tiñan con anterioridade ao seu despido.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.-Que xestións ten previsto realizar para lograr a reposición nos seus postos de traballo a todas as persoas afectadas polo ERE das empresas do grupo TRAGSA en Galiza?

2- Ten realizado algún estudo acerca de como pode afectar ao desenvolvemento e execución dos contratados de obras ou servizos públicos que mantén contratados con este grupo de empresas?

3.- Ten analizado a posíbel afectación ao cumprimento das disposicións



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contractuais ou normativas desta actuación?

4.- Vai realiza algunha actuación ante o Goberno do Estado e ante a empresa para preservar a totalidade do emprego e para que se negocien, á vista da situación económica e de carga de traballo, coa representación dos traballadores as fórmulas concretas para a reposición nos seus postos de traballo das persoas despedidas en idénticas condicións ás que tiñan antes dos seus despidos?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 26/01/2016 17:08:27

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Gallego Lomba, Abel Losada Alvarez e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O comercio en Galicia é unha as nosas maiores fontes de riqueza e cohesión social. A súa importancia, non só para a economía senón tamén dende o puntos de vista social e urbano, está fóra de toda dúbida.

En Galicia, o peso do comercio na economía é superior, ao conxunto da Unión Europea, alcanzando o 11´4 % do PIB total e preto do 17 % do emprego.

O Goberno galego vén de aprobar un Plan estratéxico de impulso ao comercio galego 2015 – 2020, cuxo obxectivo fundamental é o desenvolvemento dunha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado o Goberno galego elaborar e presentar un plan integral de axudas ao pequeno e mediano comercio?
2. Contempla a posibilidade de presentar axudas para a mellora da competitividade do pequeno e mediano comercio?
3. Que medidas ten pensado implantar para o fomento do emprego neste sector?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
Abel Losada Alvarez
Noela Blanco Rodríguez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 26/01/2016 17:16:24

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/01/2016 17:16:30

Noela Blanco Rodriguez na data 26/01/2016 17:16:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a saber que medidas pensa adoptar o presidente da Xunta ante a situación de que o sector do mar non considera interlocutora válida a Conselleira do Mar para enfrontar os graves problemas que están padecendo.

Diversos colectivos sectoriais da pesca, do marisqueo e da acuicultura veñen de acusar a responsable de Medio Rural e Mar de non acompañalos cando están padecendo graves problemas para facer sostible a súa actividade: reparto de cotas discriminatorio por parte do Estado, perda de dereitos históricos de poder pescar determinadas especies, asumir por primeira vez o establecemento de cotas para embarcacións e actividades artesanais, aparición de novos parasitos que provocan unha alta mortalidade dos moluscos, medidas que chegan tarde contra o mal tempo e os peches administrativos, caída das capturas nos bancos de libre marisqueo, falta de semente para recuperar os bancos, escasos ingresos dos mariscadores, multiplicación das taxas das embarcacións e aumento do custe de moitas delas para pagar determinados servizos, etc, etc

Esta deixazón de funcións ten abocado, moito ao seu pesar, ao sector a considerar que a titular da Consellería do Mar non pode seguir sendo a interlocutora do sector para dialogar e intentar enfrontar os graves problemas que están padecendo, pois xa leva máis de sete anos evidenciando a falta de proximidade e sensibilidade cos problemas do mar.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un bo exemplo témolo no anteproxecto de Lei de acuicultura que está a provocar que incluso os alcaldes e deputados do PP se solidaricen coa petición de retirada do mesmo.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Cales cree que son as razóns pola cal o sector non considera interlocutora válida a responsable de Mar?

2.- Que solución pensan darlle aos reiterados incumprimentos por parte do Goberno galego? Van asumir algún tipo de responsabilidades por carecer de un proxecto de País para o marisqueo, a acuicultura ou a pesca nas nosas augas?

3.- Vai ser sensible o presidente do Goberno ante a demanda do sector de retirada do Anteproxecto de lei de acuicultura? Vai escoitar o drama que están vivindo ou vai seguir negándolle o dereito de recibilos en contraposición a outros colectivos con menor representación social pero con maiores intereses económicos ?

4.- Cal é a solución que propón a Xunta de Galiza para que todos estes problemas que padece o sector acaden unha solución que lles permita subsistir economicamente e que poidan traballar con transparencia e tranquilidade?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 26/01/2016 17:32:15



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Cosme Pombo Rodríguez, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á renovación do persoal dos GES de Guitiriz e A Fonsagrada e ás eventuais consecuencias da actuación neste ámbito deste concello.

Recentemente vense de asinar novamente a renovación do Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta, a FEGAMP, e as Deputacións Provinciais, e os Concellos en materia de emerxencias que substitúe ao anterior aprobado en 2013 para o mantemento dos Grupos de emerxencias supramunicipais (GES).

Esta renovación na práctica é unha addenda ao anterior convenio.

No caso do GES que teñen a súa sede na provincia de Lugo introdúcese unha única modificación consistente en que a Deputación Provincial de Lugo pasa a facerse cargo do 40% do custe do citado servizo eximindo de tal gasto aos concellos.

En Galiza existen 25 GES operativos desde a súa incorporación ao sistema de emerxencias. Logo da sinatura deste novo convenio a práctica totalidade, en concreto 23, dos GES existentes optaron pola vía de manter como traballadores/as integrantes dos GES a aquelas persoas que viñan prestando os seus servizos desde o momento da súa creación e que xa pasaran por un sistema de selección.

Esta práctica só non foi secundada polos GES que teñen a súa sede en Guitiriz e na Fonsagrada, que optaron por despedir a 9 e 12. máis un que está de baixa, traballadores/as respectivamente.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un principio básico en materia de emerxencias é que estas deben contar cunha estrutura profesionalizada, estábel, permanente e co persoal cunha adecuada e continuada formación.

No propio convenio GES subscrito daquela recollese que se creará unha estrutura profesionalizada e permanente.

De feito no propio Convenio se fai a recomendación por parte da Xunta e da FEGAMP, de que continúen prestando servizos os mesmos traballadores que xa o viñan facendo con anterioridade.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que á vista do manifestado a actuación correcta tería sido a que realizaron os restantes concellos sede dos GES. Nos outros casos comunicáronlles aos e ás seus traballadoras que finalizaba o contrato o 31 de decembro, e logo unha vez que se renova o convenio deixan sen efecto a comunicación de cese, comunicándolles que continúan prestando servizos ininterrompidamente a partir do día 1 de xaneiro de 2016.

As únicas excepcións son o Concello de A Fonsagrada e o de Guitiriz. Neste caso optouse pola continuidade dos 3 traballadores que xa antes da entrada en funcionamento do GES eran persoal laboral municipal.

Consideramos que está decisión é totalmente ilóxica, inxustificada e, incluso é posíbel que ilegal, pois unha vez que se renova o Convenio, o lóxico e manter aos traballadores que viñan prestando servizos, pois xa teñen unha formación e capacidade acreditada, e ademais superaron un proceso de selección.

Este disparate é de tal magnitude que mesmo podería, como consecuencia das demandas xudiciais, producirse a situación de que os concellos teñan que indemnizar aos traballadores e que logo estas mesmas persoas poidan superar o novo proceso de selección, ou incluso que se vira duplicado cadro de persoal do propio GES, no caso que



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

eventualmente se declarase a nulidade dos despidos.

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Á vista dos feitos expostos, ten realizado algunha xestión para garantir o respecto polos dereitos dos e das traballadoras dos GES que no seu día xa superaron un proceso selectivo?

2.- Non considera que a actuación dos Consellos de Guitiriz e A Fonsagrada contravén o disposto no convenio en relación coa recomendación do mantemento do persoal dos GES?

3.- Considera que esta actuación é acorde coa necesidade de manter un dispositivo de emerxencias cunha estrutura estábel, profesionalizado e dotado con persoal con experiencia e formación?

4.- Ten previsto realizar algunha actuación para que estes concellos anulen as resolucións de despido e repoñan ás persoas despedidas nos seus postos de traballo?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Cosme Pombo Rodríguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 26/01/2016 18:43:08

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 26/01/2016 18:43:11



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a saber as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza para reclamar da Subdelegación do Goberno a paralización e o arquivo das citacións e dos expedientes sancionadores abertos con motivo das mobilizacións que tiveron lugar para reclamar un reparto xusto das cotas da xarda.

No mes de marzo tiveron lugar diversas concentracións e manifestacións promovidas pola asemblea de Portosín para denunciar o rexeitamento ao preacordo de reparto das cotas da xarda e xurelo e iniciar unha nova negociación con base a criterios equitativos.

Este reparto que ten a súa orixe no Consello de Ministros de Pesca da UE, que fai un reparto en función do denominado Principio de Estabilidade Relativa e non de factores socioeconómicos, que resulta totalmente desproporcionado e discriminatoria para a flota do Estado español.

Con estas ridículas cotas o Estado español negociou a finais de decembro de 2013, o reparto entre as diferentes comunidades pesqueiras que conforman o segmento do cerco, con un criterio baseado nas capturas históricas. Este concepto concretou un reparto que beneficiou as embarcacións de maior tonelaxe, a aquelas que tiveron a oportunidade de pescala nos últimos anos e prexudica a quen fixo un aproveitamento responsable e as embarcacións de menor porte, como é o caso da galego que con 154 embarcación reciben a metade da vasca con 60 embarcacións.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este reparto discriminatorio trouxo consigo o rexeitamento da maior parte da flota do cerco galego e a reclamación a levar a cabo unha nova negociación que tivese en conta o número de embarcacións e de tripulantes.

Dado que o Goberno galego desoíu e ignorou estas lexitimas reclamación, o conxunto do cerco, en asemblea celebrada en Portosín, tomou a decisión de realizar diversas convocatoria públicas para chamar a atención da grave repercusión que estas medidas ían traer ao sector, demandando ser escoitados e recibidos polo Goberno galego.

Nestas reunións e manifestación a Subdelegación do Goberno tivo unha participación moi activa ao intentar criminalizar e converter unha reclamación angustiosa en un problema de orde pública e así non tivo rubor en utilizar as forzas da orde para impedir, perseguir, amedrentar e golpear a moitos dos mariñeiros e armadores que participaban en estas convocatorias mentres o Goberno galego non acedía a recibir aos representantes do sector.

Agora comprobamos como a Subdelegación do Goberno, continúa coa posición partidista intentando castigar a todas aquelas persoas que participaron masivamente na reclamación dos seus dereitos fundamentais, dereito a poder traballar na nosa terra e a poder pescar con dignidade.

E así veñen trasladándolle a moitos dos participantes a notificación de citacións dos xulgados e de comunicacións de procedementos sancionadores por participar nestes eventos, que chegan no caso das protestas levadas a cabo na cidade de Vigo diante das dependencias da Xunta de Galiza a que se lle pida pena de prisión de 3 anos por desordes públicos a 17 participantes e fianzas de 7.400 euros.

Todo un exemplo de actuación por parte da Subdelegación do Goberno de equidade, independencia e protección da legalidade vixente. Inculcando partidariamente



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o dereito dos mariñeiros e armadores a que non lle subtraian o seu dereito a poder pescar, reclamando o poder traballar con dignidade.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Considera razoable esta percusión da Subdelegación do Goberno ante a demanda dun colectivo de mariñeiros que reclaman un reparto xusto que lle permita poder pescar con dignidade?

2.- Que medidas adoptou a Xunta de Galiza para reclamar da Subdelegación do Goberno a paralización e o arquivo das citacións e dos expedientes sancionadores abertos con motivo das mobilizacións que tiveron lugar para reclamar un reparto xusto das cotas do cerco?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2015

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 26/01/2016 18:56:58



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez e Tereixa Paz Franco, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a medidas para combater a Avespa Velutina na Galiza.

Os/as apicultores/as galegos/as levan varios anos reclamando medidas eficaces para combater os danos provocados pola “Avespa Velutina” á apicultura galega.

A Asociación Galega de Apicultores (AGA) ven insistindo na necesidade de que a Xunta de Galiza estableza uns protocolos eficaces para loitar contra a expansión desta especie invasora, que está colonizando a maior parte do territorio galego e que esta a provocar prexuizos graves á nosa apicultura, mais que tamén significa un perigo potencial para a nosa fruticultura e viticultura.

A potencialidade do perigo de expansión desta especie (avespa Velutina) é clara, con só saber que na mariña luguesa houbo algunha empresa privada que foi quen de retirar máis de 700 niños no pasado ano 2015.

Segundo estudos de expertos da USC e UDV os avespeiros (niños onde cría a Velutina) deben ser retirados para evitar a súa expansión e mesmo recomendan que a retirada sexa de noite, para poder loitar con eficiencia contra a expansión desta praga que tanto preocupa ao sector apícola galego.

A Xunta de Galiza está a desenvolver un plan de control da avespa Velutina baseado na colaboración das galegas e galegos que avisan da presenza do niño avistado



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao 012. O 012 comunica o aviso á empresa TRAGSATEC (Empresa que depende da empresa pública TRAGSA) que se encarga da retirada do Niño avistado.

A preocupación social ante o deficiente funcionamento do protocolo da retirada destes niños vai en aumento.

Hai poucos días que un veciño de Cospeito avisou dun niño de grandes dimensións, situado nun carballo da parroquia de Sistallo, preto dunha capela e dunha carballeira onde se celebra unha romaría e preto dunha zona de baño onde no verán acoden moitos nenos e nenas. Despois da visita dos técnicos de Tragsatec, o niño non foi retirado (Parece ser que por problemas de altura).

Diante da, non retirada deste niño de grandes dimensións, a veciñanza está moi preocupada porque as avespas Velutinas xa provocaron danos graves nas colmeas da zona e porque entenden que, si non se retiran, poden criar moitos máis avespeiros na comarca que provocarán moitos máis danos.

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1º.- Coñece a Xunta o caso da non retirada do Niño de avésa asasina na parroquia de Sistallo no concello de Cospeito?

2º.- Coñece a Xunta a existencia de máis casos de non retirada de avespeiros de Avespa Velutina, noutros concellos?

3º.- É consciente a Xunta do perigo que supón para a expansión da avésa Velutina o non retirar os avespeiros avistados ?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4º.- Ten avaliado a Xunta a idoneidade do protocolo para a retirada dos avespeiros detectados ?

5º.- Ten valorado a Xunta as opinións da Universidade Galega, da Asociación Galega de Apicultura e das empresas e colectivos que están a estudar a mellor maneira de loitar contra a expansión da Velutina no noso país, de cara a buscar protocolos de actuación máis eficientes?

6º.- Que medidas vai tomar a Xunta para establecer uns protocolos máis eficientes para loitar contra a expansión da Avespa Velutina?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez

Tereixa Paz Franco

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 26/01/2016 17:44:16

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 26/01/2016 17:44:20

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Ramón Val Alonso, María Angeles Ferreiro Vidarte, Pablo García García e José Manuel Gallego Lomba, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A comezos de ano o Goberno galego decretou o peche administrativo dos bancos marisqueiros dos Lombos, O Bohído e Cabío pola elevada mortalidade dos bivalvos e pola escasa produción que se viña dando nos últimos anos.

Desde a aparición do parasito coñecido como *Martelia* no ano 2012 o descenso de capturas é alarmante, e consecuentemente a diminución dos ingresos das mariscadoras a pé e dos rañeiros son importantes.

É certo que o propio sector ao longo de todo o ano 2015 ten reclamado un plan de medidas urxentes para combater esta situación e para paliar as perdas económicas xeradas, pero non é menos certo que moi poucas son as medidas que a Administración galega ten implementado.

A pesar de que a paralización da actividade será de xaneiro a marzo e que vai a afectar tanto a rañeiros como a mariscadoras a pé, para este último colectivo non se ten implementado ningunha medida excepcional co obxecto de compensar as perdas ocasionadas escusandose unicamente en que os fondos FEMP non o permiten.

Nada impide que o Goberno galego poda poñer en marcha medidas neste sentido, polo que o os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego a publicar unha orde de axudas con fondos propios para paliar as perdas ocasionadas no marisqueo a pé na Ría de Arousa?



Grupo Parlamentario

2ª) Que medidas está a implementar o Goberno galego para recuperar a produción nos bancos de libre marisqueo da Ría?

3ª) Que medidas está a poñer en marcha o Goberno galego para combater a acción da *Martelia*?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2016

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 26/01/2016 17:19:42

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 26/01/2016 17:19:56

Pablo García García na data 26/01/2016 17:20:04

José Manuel Gallego Lomba na data 26/01/2016 17:20:12

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Co obxecto de coñecer os datos das axudas de emerxencia social (por provincias nos anos 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015), a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantas axudas de emerxencia social se rexistraron? Cantas axudas solicitadas foron concedidas?
2. Con que contías?
3. Das que non foron tidas en conta, cales son as razóns da denegación?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 27/01/2016 13:16:17

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Co obxecto de coñecer a situación da Renda de Integración Social en Galicia por provincias dos anos 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantas peticións de RISGA houbo?
2. Cal é o tempo medio de resolución entre a entrada da petición nos servizos locais e a súa resposta definitiva?
3. Cantas solicitudes foron concedidas?
4. Cantas peticións informadas favorablemente polos servizos sociais locais foron rexeitadas pola Xunta de Galicia dende 2012?
5. Cales son as causas?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 27/01/2016 13:16:33



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O 29 de Abril de 2015 o Pleno do Parlamento de Galiza aprobou a seguinte resolución, a proposta do G.P. do BNG: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza para que o vindeiro 2016 sexa declarado oficialmente Ano das Irmandades da Fala, estableza un programa de actividades conducentes a divulgar en toda a sociedade galega o coñecemento do encomiable labor desta organización, animada polo propósito de traballar pola consecución dunha Galiza máis culta, libre, xusta e comprometida consigo mesma, e dote dos fondos necesarios os organismos encargados de levar a cabo ese programa.»

Coa finalidade de comprobar o seu grao de cumprimento formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que actuación está desenvolvendo a Xunta de Galiza a para dar cumprimento a esta resolución que solicitaba que 2016 sexa declarado oficialmente Ano das Irmandades da Fala?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que actuación está desenvolvendo a Xunta de Galiza para establecer un programa de actividades conducentes a divulgar en toda a sociedade galega o coñecemento do encomiable labor desta organización?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2016

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 27/01/2016 13:33:01

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar, Emilio Vázquez Blanco e María Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A prevención de riscos laborais é un tema de máxima importancia, e que vén sufrindo un grave deterioro durante os anos da crise, e aí están os datos das últimas semanas que reflicten o incremento dos accidentes laborais durante o ano 2015.

Neste contexto, queremos dicir dende o Grupo Parlamentario Socialista que a esta importante cuestión non é obviamente alleo o sector educativo, con certas diferenzas, iso si, en función do lugar onde realizan o seu cometido os profesionais docentes, pois non é o mesmo realizar esta función nun centro de primaria, secundaria ou bacharelato que facelo nun centro de formación profesional, nun centro de menores ou en institucións penais.

Por iso, e para saber realmente o que está a suceder con este tema, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

1ª) Conta a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con protocolos específicos para controlar os riscos aos que están expostos os profesionais docentes no desenvolvemento do seu traballo?

2ª) En caso afirmativo, conta a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con algún protocolo concreto para docentes que desenvolven o seu cometido en institucións penais ou centros de menores?



Grupo Parlamentario

3ª) Que datos ten a día de hoxe a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre esta cuestión?

4ª) E finalmente, de non telos, contempla a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a posibilidade de crear protocolos para docentes que traballan en situacións de risco?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 27/01/2016 16:39:25

Emilio Vázquez Blanco na data 27/01/2016 16:39:36

María Concepción Burgo López na data 27/01/2016 16:39:52

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A recuperación do barrio da Tinería da cidade de Lugo é un proxecto fundamental para a cidade tanto pola rehabilitación dunha zona que conserva moitos valores arquitectónicos e históricos como polo impulso que ofrece ao centro histórico da cidade bimilenaria.

É a Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, a encargada de levar adiante a rehabilitación deste barrio lucense que se atopa dentro de murallas e forma parte do casco histórico pero que a finais da década de 1990, se atopaba notablemente degradado tanto dende o punto de vista arquitectónico como social.

A súa rehabilitación leva xa desenvolvéndose moitos anos, e aínda que a Tinería está comezando a recuperar timidamente o seu uso residencial e comercial, o proxecto de rehabilitación non está rematado e hai claros indicios de que non últimos foi ralentizado.

Segundo o IGVS, o proxecto tiña por obxectivo a rehabilitación integral de 44 unidades edificatorias e a xestión de dúas Unidades de Intervención. Estimouse que o resultado final sería a creación de 129 vivendas, 24 locais en planta baixa, 2 edificios de oficinas, un centro de día, unha gardería e un centro de documentación do Casco Histórico.

Por todo o exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales de estes obxectivos están cumpridos neste momento?
2. Cantas vivendas, locais ou edificios de oficinas quedan por rematar?
3. Cales foron as accións que a Xunta de Galicia levou adiante na recuperación do barrio da Tinería en Lugo nos anos 2014 e 2015?



 Grupo Parlamentario

4. Cal foi a inversión realizada nos anos 2014 e 2015?
5. Cales van ser as accións que se poñerán en marcha no ano 2016?
6. Cal vai ser a inversión total que se ten previsto realizar no ano 2016?
7. Cando será rematado todo o proxecto de rehabilitación da Tinería de Lugo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2016

Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 27/01/2016 18:28:39

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Carmen Gallego Calvar, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cales son as cantidades aportadas pola Consellería de Traballo e Benestar, a través de calquera medio (convenio, subvención, acordo....) aos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres nos anos 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015?

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2016

Asdo.: Concepción Burgo López
Carmen Gallego Calvar
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 27/01/2016 18:28:59

Carmen Gallego Calvar na data 27/01/2016 18:29:02



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Segundo recollía recentemente un medio de comunicación, “a patronal do sector cree que o ano 2015 foi o máis negro da historia”. Nese mesmo medio facíase referencia ao “parón da eólica española, que non instalou un solo mega en 2015”. O feito de non terse instalado nin un só megavatio (MW) de potencia ao longo de todo o exercicio foi unha circunstancia inédita desde a década dos oitenta, cando empezou o desenvolvemento da enerxía eólica no estado.

Dende o 2011 en Galiza solo se autorizaron 15 parques eólicos do concurso eólico aprobado en 2010, que suman 374 megavatios, apenas o 16% do previsto (máis de 2.300 megavatios), e supoñen un investimento de 474 millóns de euros. As últimas autorizacións corresponde ao pasado 3 de decembro de 2015, cando a Xunta autorizou os últimos tres deses quince parques, cun investimento de 115 millóns de euros.

A negativa xestión eólica do Goberno de Feijoo está a supoñer a perda de posicións de Galiza no panorama eólico estatal. En 2008 o sector eólico galego tiña 2.973 megavatios de potencia instalada, só superada por Castela-A Mancha, que tiña 3.142. Nese ano, Galiza achegou ao sector eléctrico 6.705 GW, sendo a primeira comunidade en produción de enerxía eólica. Oito anos despois, Galiza descendeu á cuarta posición en potencia instalada, sendo superada por Castela e León, Castela A Mancha e Andalucía.

Estes datos chocan frontalmente coas previsións iniciais do Goberno de Núñez Feijoo. Cómpre recordar que actual concurso eólico foi anunciado pola Xunta de Galiza



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como “o maior plan industrial da historia de Galiza”. Estimábanse case 6.000 millóns de euros de investimentos previstos e arredor de 13.266 postos de traballo, entre directos e indirectos, unhas previsións que o ex-conselleiro Javier Guerra cualificaba como un “cálculo moi conservador”.

A Xunta ten explicado a diferentes fontes xornalísticas que, segundo os últimos datos da comisión de seguimento, todos os proxectos seguen adiante, con 1.939 megavattios que continúan en tramitación. Porén, a tenor da evolución recente das autorizacións, resulta evidente o parón no sector, e por moito que a Xunta admita “unha ralentización trala reforma normativa”, cada vez está máis claro que se trata dun parón en toda regra, que o concurso eólico de Feijoo fracasou estrepitosamente e que a gran maioría dos case 2.000 megavattios pendentes quedarán sen adxudicar. Dende o BNG temos denunciado en numerosas ocasións o fracaso deste concurso eólico, froito do sectarismo da Xunta de Galiza, que botou abaixo o concurso anterior, así como das modificacións levadas a cabo polo propio PP no Goberno do Estado.

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Segue a considerar o Goberno galego que o concurso eólico é o maior plan industrial da historia de Galiza?

-Considera o Goberno galego que se van a cumprir as súas previsións iniciais a respecto do desenvolvemento do concurso eólico?

-Ten modificado o Goberno as súas previsións iniciais?

-Ten elaborado ou vai a elaborar algunha medida que acelere a posta en marcha dos parques adxudicados, así como dos proxectos industriais asociados?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que previsións ten a Xunta de Galiza para 2016 a respecto das autorizacións e da potencia que se instalará?

-A que cre o Goberno da Xunta que se debe a perda de posicións do sector eólico galego dentro do Estado durante o Goberno de Feijoo?

-Ten previsto o Goberno da Xunta de Galiza algunha medida que evite que o sector eólico galego siga a perder posicións dentro do Estado?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2016

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 28/01/2016 16:58:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a carteira industrial de Abanca.

A perda de galeguidade das principais empresas do país, ben sexa a través da perda da propiedade galega ou do alonxamento dos seus centros de decisión, é un proceso que se está a intensificar nos últimos anos, coincidindo co goberno de Núñez Feijoo e a perda de institucións financeiras no noso país.

O último caso é o do operador de telecomunicacións “R”, posto que ven de consumarse a venta da totalidade do seu accionariado á compañía vasca Euskaltel, coa recente autorización da súa adquisición por parte da CNMV. Esta operación posibelmente implicará despedimentos no cadro de persoal e traslado da sede social situada na Coruña a fóra de Galiza.

Abanca posuía unha participación do 30% do accionariado de “R”. Compre recordar que esta entidade nace da privatización de Novagalicia Banco (NCG), un proceso realizado de xeito apresurado a instancias da consultora McKinsey, que sinalou o desinvestimento acelerado como a mellor estratexia posíbel e a consultora sinalaba que esperar ao ano 2015 podería erosionar significativamente o valor da entidade. Porén, o ano pasado observamos como esta entidade, vendida polo FROB por apenas mil millóns de euros, obtivo no seu



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primeiro ano de operacións un beneficio de 1.157 millóns de euros, contradicindo rotundamente a previsión contida no informe no que se baseou o FROB para a posta en venta da entidade.

Dende a venda da antiga Novagalicia Banco a Banesco, a nova entidade levou a cabo una estratexia de desprendemento da súa carteira industrial. Así, Abanca desfíxose de participacións en empresas como Inversora de Hoteles Vacacionales, Adolfo Domínguez, Tavex, Galega de Economía Social ou Sistemas Energéticos de Ortegá, entre outras. a venda da súa participación en R é o último episodio desta estratexia.

Xa que logo, a relación entre institucións financeiras propias e ao servizo do país e a propiedade galega do tecido produtivo resulta evidente, non so pola capacidade de financiamento das mesmas, senón tamén pola carteira industrial que xestionan.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Considera a Xunta de Galiza que é positiva para o sector industrial galego a estratexia de Abanca de desprendemento da súa carteira industrial?

-Que repercusións cree a Xunta de Galiza que terá a estratexia de Abanca de venda das súas participacións industriais para o desenvolvemento industrial galego?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é a valoración realiza a Xunta de Galiza da venta da participación que posuía Abanca da operadora R Cable?

-Cre necesaria a Xunta de Galiza que existan entidades financeiras propias que posúan na súa carteira industrial participacións en empresas estratéxicas para Galiza?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2016

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 28/01/2016 17:07:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo e Daniel Rodas Chapela, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á anulación da concesión de prórroga a Ence por 60 anos.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ven de outorgarlle a Ence unha prórroga de 60 anos na concesión que lle permite ocupar os terreos de dominio público na parroquia de Lourizán en Pontevedra, con esta prórroga permíteselle á pasteira a permanencia na ría de Pontevedra ata 2073, practicamente todo o século XXI, toda vez que esta prórroga pode ser ampliada de cumprirse unha serie de requisitos.

O Bloque Nacionalista Galego considera ilexítima e indecente esta prórroga, concedida en tempo de desconto por un Goberno español en funcións, toda vez que non existe obriga legal a decidir sobre a prorroga solicitada pola empresa ata o remate da actual concesión, que como é ben sabido é no 2018.

Estamos diante dun auténtico fraude democrático, que fai saltar todas as alarmas ao comprobar como o Partido Popular é capaz de usar todos os recursos, desde a súa posición nas Administracións, para favorecer os intereses dunha empresa, aínda que vaia en contra dos intereses do pobo.

Diante da gravidade desta concesión, que hipoteca o futuro da ría de Pontevedra



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por 60 anos máis, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Vai a seguir o Goberno galego favorecendo a privatización e a entrega da riqueza económica e ambiental das nosas rías a empresas de fóra de Galiza?

-Cal é a posición do Goberno galego diante da concesión a Ence dunha prórroga de 60 anos para a súa permanencia na ría de Pontevedra?

-Vai realizar o Goberno galego algunha actuación para demandar a anulación da concesión de prórroga a Ence para a súa permanencia na ría de Pontevedra por 60 anos máis?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Daniel Rodas Chapela

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 28/01/2016 17:41:06

Ana Belén Pontón Mondelo na data 28/01/2016 17:41:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2016 17:43
Nº Rexistro: 46251
Data envío: 28/01/2016 17:43:39.573



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Rodas Chapela na data 28/01/2016 17:41:20

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan a retirada da súa iniciativa doc. núm. 40653.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodriguez na data 26/01/2016 13:21:37

Pablo García García na data 26/01/2016 13:21:46

Raúl Fernández Fernández na data 26/01/2016 13:21:55

José Ramón Val Alonso na data 26/01/2016 13:22:02

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Pablo García García, Raúl Fernández Fernández, José Ramón Val Alonso, María Quintas Álvarez, Carmen Acuña do Campo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan a retirada da súa iniciativa doc. núm. 41759.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Maria Quintas Álvarez
Carmen Acuña do Campo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodriguez na data 26/01/2016 13:18:47

Pablo García García na data 26/01/2016 13:18:55

Raúl Fernández Fernández na data 26/01/2016 13:19:02

José Ramón Val Alonso na data 26/01/2016 13:19:13

María Remedios Quintas Alvarez na data 26/01/2016 13:19:19

María del Carmen Acuña do Campo na data 26/01/2016 13:19:25

 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, José Luis Méndez Romeu e Pablo García García, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan a retirada da súa iniciativa doc. núm. 43100 e 43101.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
José Luis Méndez Romeu
Pablo García García
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodriguez na data 26/01/2016 14:13:00

Jose Luis Méndez Romeu na data 26/01/2016 14:13:08

Pablo García García na data 26/01/2016 14:13:15

 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Pablo García García e M^a de los Angeles Ferreiro Vidarte, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan a retirada da súa iniciativa doc. núm. 43694 e 43695

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Pablo García García
M^a de los Angeles Ferreiro Vidarte
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodriguez na data 26/01/2016 14:10:42

Pablo García García na data 26/01/2016 14:10:54

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 26/01/2016 14:11:00

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 156.3 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa se proceda á recualificación a seguinte iniciativa e sexa incluída na orde do día da próxima comisión competente, ante a falta de resposta da Xunta de Galicia no prazo establecido regulamentariamente:

Doc. núm. 7544, sobre a incidencia no servizo prestado ás persoas con discapacidade da eliminación pola Consellería de Traballo e Benestar de prazas de persoal laboral e de oficinas de valoración da dependencia, os datos referidos á tramitación nos anos 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013 das solicitudes de recoñecemento dunha prestación e as previsións ao respecto.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2016

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 26/01/2016 18:08:19

María del Carmen Acuña do Campo na data 26/01/2016 18:08:25

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 26/01/2016 18:08:29



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727